

2.1. Introducción

No capítulo anterior estudíamo-la realidade macroeconómica galega do ano 2001; neste ímonos centrar na estrutura e na dinámica do tecido productivo de Galicia e máis na política industrial das diferentes Administracións Públicas.

Primeiramente, achegarémonos á dimensión das empresas galegas (en aspectos como o número de empregados, a facturación, etc.) baseándonos fundamentalmente en datos obtidos da Tesourería da Seguridade Social, do INE (DIRCE) e do Directorio ARDÁN 2002. Trataremos tamén neste epígrafe do crecemento do número de empresas galegas e da forma xurídica que adoptan.

A continuación estudiaremos máis polo miúdo outros aspectos do sistema productivo galego, como a distribución por sectores empresariais e a súa respectiva xeración de ingresos e de valor engadido ou a distribución por provincias e comarcas do noso tecido empresarial. Pasaremos logo ó estudio de diferentes trazos de competitividade empresarial (as empresas “gacela”, as empresas de elevada xeración de riqueza, as de alto rendemento e as de alta produtividade) e máis doutros

aspectos empresariais vencellados co emprego (como a estrutura do emprego nas empresas galegas ou a xeración de emprego dos principais sectores empresariais).

No apartado seguinte analizarémo-las enquisas industriais (de empresas e de produtos), a enquisa de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), a de innovación tecnolóxica nas empresas e as opinións dos empresarios galegos sobre diversas variables da actividade productiva.

Despois abordarémo-lo estudo do sector público empresarial en Galicia, analizando a súa relevancia en emprego e investimentos. Por último, referirémonos á política industrial en Galicia, contemplada desde unha triple perspectiva: da Unión Europea, da Administración Central e da Administración Autonómica.

2.2. Dimensión e forma xurídica das empresas

Nos cadros 2.1 a 2.3 ofrécese unha aproximación á realidade da dimensión empresarial galega e estatal actual, con datos obtidos da mesma fonte, a Seguridade Social, pero con distinta metodoloxía. Dunha banda, no cadro 2.1 plásmanse, a nivel provincial, autonómico e nacional, os datos de número de empresas segundo o número de traballadores partindo dos datos correspondentes ós códigos de conta de cotización existentes a 31 de decembro de 1999, 2000 e 2001, no Réxime Xeral e o Especial de Minería do Carbón **agrupando nunha única entidade -empresas- tódalas contas de cotización co mesmo número de identificación fiscal**. Deste xeito o concepto de empresa empregado nesta estatística correspóndese co concepto xurídico. Por outra banda e nos cadros 2.2 e 2.3 ofrécese a nivel galego, como en anos anteriores, o número de empresas por tramos de traballadores combinado cos sectores de actividade, desde o dato dos códigos de conta das empresas inscritas no Réxime Xeral, sen a depuración anteriormente mencionada. A información da Seguridade Social non é comparable de tódolos xeitos coa información do DIRCE que se expón a continuación destes.

O cadro 2.1 contempla, como se expuxo anteriormente, o número total e por tramos de traballadores en alta das empresas inscritas no Réxime Xeral e no da Minería do Carbón en cada unha das provincias galegas, no total de Galicia e no total de España, coa depuración que comentabamos, co que o grao de aproximación á realidade, coas limitacións de non contemplar outros réximes, é practicamente total desde o punto de vista da economía “oficial” (non somerxida).

A provincia da Coruña agrupa o 41,19% do total das empresas galegas e no outro polo cuantitativo a de Ourense comprende o 12,69%. As 75.790 empresas que desde esta perspectiva operan en 2001 en Galicia representan o 6,58% do total estatal. As empresas de un e dous traballadores son as máis numerosas en Galicia e en cada unha das provincias da comunidade e representan con respecto ó total nacional 6,80%, unha porcentaxe máis elevada que o total de empresas; por outra banda, as de máis de 1.000 traballadores constitúen só o 5,6% do total de España.

O Réxime Xeral da Seguridade Social, que comprende a práctica totalidade dos sectores industriais, construción e servizos, conta en Galicia con 90.220 contas de cotización (cadro 2.2) e tiñan en alta a decembro de 2001, 628.223 traballadores. Realizando as estimacións aritméticas pertinentes podemos significar que o termo

medio das empresas inscritas en Galicia a decembro de 2001 é de 6,96 traballadores, superior ó de 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000 (6,05; 6,14; 6,40; 6,67 e 6,83 respectivamente), rachando, por quinto ano consecutivo, coa tendencia dos anos inmediatamente anteriores que foi decrecendo do 7,20 de 1993 ó 6,52 en 1994 e 6,26 en 1995.

O maior volume de traballadores concéntrase no tramo das empresas de 6 a 50 empregados, constituíndo o 38,25% do total. Os 74.255 traballadores das empresas galegas de máis de 500 traballadores representan só o 11,82% do total.

■ Cadro 2.1

Empresas. Por número de traballadores. Galicia/España. 1999-2001

		De 1 a 2 trab.	De 3 a 5 trab.	De 6 a 9 trab.	De 10 a 25 trab.	De 26 a 49 trab.	De 50 a 249 trab.	De 250 a 499 trab.	De 500 a 999 trab.	1000 e máis trab.	Total
A Coruña	1999	16.221	6.354	2.773	2.588	787	516	43	18	15	29.315
	2000	16.579	6.670	2.810	2.704	823	533	44	21	14	30.198
	2001	17.043	6.941	2.916	2.820	852	558	51	23	16	31.220
Lugo	1999	5.872	2.232	860	727	156	128	9	4	3	9.991
	2000	6.015	2.321	876	777	184	120	8	5	3	10.309
	2001	6.185	2.359	919	777	195	128	11	5	3	10.582
Ourense	1999	5.135	1.972	829	713	177	115	15	8	2	8.966
	2000	5.354	1.993	847	736	184	115	10	8	2	9.249
	2001	5.522	2.073	897	780	192	130	14	6	3	9.617
Pontevedra	1999	13.487	5.640	2.449	2.287	707	397	39	11	12	25.029
	2000	13.960	5.841	2.615	2.429	754	438	42	9	12	26.100
	2001	14.510	6.197	2.683	2.576	776	463	41	12	11	27.269
Galicia	1999	39.593	15.557	6.632	5.936	1.708	1.112	94	47	40	70.719
	2000	40.693	16.138	6.865	6.259	1.834	1.174	82	53	40	73.138
	2001	41.926	16.889	7.103	6.544	1.904	1.229	100	52	43	75.790
España	1999	581.984	230.008	104.319	101.944	30.302	19.619	1.927	869	702	1.071.674
	2000	599.114	241.584	109.304	107.438	32.197	21.065	2.022	928	726	1.114.378
	2001	616.171	251.923	113.973	111.477	33.358	21.921	2.122	959	774	1.152.678

Só comprende empresas inscritas no Réxime Xeral ou no da Minería do Carbón

A suma do número de empresas por provincia non coincide necesariamente co total de Galicia, por canto unha mesma empresa pode ter centros de traballo en máis dúnha provincia

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Anuario 1999, 2000 e 2001

Por sectores, o maior número de traballadores corresponde ó doutros servizos, no que se inclúen as administracións públicas (se ben unha parte moi considerable non aparece nos datos, xa que pertencen a MUFACE), que supoñen o 27,31% e, a continuación, o de “Comercio, restaurantes e hostalería. Reparacións”, cun 22,46%.


En Galicia do total de empresas inscritas en 2001, preto do 39% corresponden á actividade de “Comercio, restaurantes e hostalería. Reparacións”, que, pola súa parte, teñen unha media de 4,05% traballadores por empresa. En número séguenlle as 14.833 do apartado correspondente a construción, actividade na que as grandes empresas poden ter máis dun centro de traballo inscrito na Seguridade

Cadro 2.2
Número de empresas e traballadores. Réxime xeral, por actividades económicas e tamaño. Galicia. 2001

Grupos de actividade económica	1 traball.	2 a 5 traball.	6 a 50 traball.	51 a 100 traball.	101 a 500 traball.	Máis de 500 traball.	Total	% sobre total
Nº de empresas								
Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca	649	403	182	5	5	0	1.244	1,38
Enerxía e auga	44	59	61	6	9	2	181	0,20
Extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados da industria química	573	690	667	42	29	3	2.004	2,22
Industrias transformadoras de metal. Mecánica de precisión	1.214	1.300	1.149	82	54	5	3.804	4,22
Outras industrias manufactureiras	2.226	2.463	1.808	116	75	2	6.690	7,42
Construcción	5.674	5.674	3.337	110	38	0	14.833	16,44
Comercio, restaurantes e hostalería. Reparacións	16.166	13.779	4.753	93	69	5	34.865	38,64
Transporte e comunicación	2.206	1.818	983	31	26	4	5.068	5,62
Institucións financeiras, seguros, servizos prestados a empresas e arrendamento	3.318	2.907	1.129	73	60	6	7.493	8,31
Outros servizos	5.898	4.386	2.870	258	226	42	13.680	15,16
Non tipificados	132	123	93	5	5	0	358	0,40
Total	38.100	33.602	17.032	821	596	69	90.220	100
% sobre total de empresas	42,23	37,24	18,88	0,91	0,66	0,08	100	
Nº de traballadores								
Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca	649	1.183	2.467	346	884	0	5.529	0,88
Enerxía e auga	44	174	898	443	1.957	1.717	5.233	0,83
Extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados da industria química	573	2.138	10.940	2.898	4.421	2.028	22.998	3,66
Industrias transformadoras de metal. Mecánica de precisión	1.214	3.905	19.284	5.593	10.658	13.269	53.923	8,58
Outras industrias manufactureiras	2.226	7.415	27.132	7.872	13.403	1.034	59.082	9,40
Construcción	5.674	17.176	44.598	7.694	6.600	0	81.742	13,01
Comercio, restaurantes e hostalería. Reparacións	16.166	39.652	58.923	6.193	15.042	5.108	141.084	22,46
Transporte e comunicación	2.206	5.404	13.650	2.020	5.756	3.244	32.280	5,14
Institucións financeiras, seguros, servizos prestados a empresas e arrendamento	3.318	8.445	14.861	5.235	13.071	6.881	51.811	8,25
Outros servizos	5.898	12.680	46.237	18.209	47.560	40.974	171.558	27,31
Non tipificados	132	357	1.326	336	832	0	2.983	0,47
Total traballadores	38.100	98.529	240.316	56.839	120.184	74.255	628.223	100
% sobre total de traballadores	6,06	15,68	38,25	9,05	19,13	11,82	100	

Elaboración propia

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

Nº de traballadores e de empresas por actividades económicas


Social, o que seguramente explica que non apareza ningunha empresa con máis de 500 asalariados, tendo unha media de 5,51 traballadores por empresa inscrita e, en terceiro lugar, as 13.680 do apartado de “outros servicios”.

O maior volume de empresas en Galicia son as dun só traballador (38.100, aínda que notablemente menos que en 1998, -40.091- e algo máis que en 1999 -37.658- e 2000 -37.398- ver informes de anos anteriores). Catro sectores de actividade: o de “enerxía e auga”; o de “extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados da industria química”; o de “industrias transformadoras de metais” e o de “outras industrias manufactureiras”, teñen un maior número de empresas nalgún dos tramos distintos ó dun só traballador; en concreto, no de 2 a 5 traballadores, e no caso dos dous primeiros tamén no de 6 a 50. Curiosamente en construción existe o mesmo número de empresas nos tramos de un que de dous a cinco traballadores. No ano 2001 aumentan o número de empresas en tódolos tramos con respecto o ano anterior e en concreto as de máis de 500 pasan de 61 a 69, se ben só o 20,53% das empresas galegas inscritas na Seguridade Social teñen máis de 5 traballadores e, no seu conxunto, só 665 superan os 100 asalariados.

Se comparámo-los datos de 2001 cos correspondentes ós dos informes dos anos anteriores (cadro 2.3), debemos significar que aumenta moi significativamente, o total de centros de traballo inscritos no Réxime Xeral da Seguridade Social na Comunidade Galega, constituíndo o dato máis salientable que o incremento se produce en tódolos tramos previstos no citado cadro, destacando nas empresas de 1 a 50 traballadores, en número de 2.736, no de 51 a 500 en 80 e no de máis de 500 en 8. Por grupos de actividade económica prodúcese tamén un aumento na totalidade excepto os de industrias transformadoras do metal e mecánica de precisión por unha banda e o grupo doutras industrias manufactureiras por outra nos que, seguindo a tendencia dos anos anteriores, diminúen lixeiramente no seu número.

■ Cadro 2.3

Número de empresas. Por actividades económicas e tamaño. Galicia 1998-2001

Grupos de actividade económica	De 1 a 50 traballadores				De 51 a 500 traballadores				+ 500 traballadores				Total tramos			
	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001
Agricultura, gandería, caza, silv. e pesca	666	1.058	1.139	1.234	7	11	9	10	0	0	0	0	673	1.069	1.148	1.244
Enerxía e auga	135	144	154	164	11	15	15	15	3	2	2	2	149	161	171	181
Extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados da industria química	1.990	1.920	1.898	1.930	69	72	75	71	1	2	3	3	2.060	1.994	1.975	2.004
Industrias transformadoras de metal.	3.783	3.708	3.675	3.663	118	125	129	136	4	5	4	5	3.905	3.838	3.809	3.804
Mecánica de precisión	7.021	6.746	6.623	6.497	159	168	176	191	1	2	0	2	7.181	6.916	6.799	6.690
Otras industrias manufactureiras	13.058	13.836	14.067	14.685	111	124	131	148	0	0	0	0	13.169	13.960	14.198	14.833
Construción	33.349	33.167	33.699	34.698	132	152	166	162	5	5	5	5	33.486	33.324	33.870	34.865
Comercio, restaurantes e hostalería.	4.707	4.756	4.806	5.007	45	50	59	57	2	2	3	4	4.754	4.808	4.868	5.068
Reparacións	6.346	6.452	6.925	7.354	127	121	131	133	7	7	6	6	6.480	6.580	7.062	7.493
Transporte e comunicación	13.559	12.426	12.695	13.154	413	433	437	484	34	37	38	42	14.006	12.896	13.170	13.680
Institucións financeiras, seguros, servizos prestados a empresas e arrendamento	0	289	317	348	0	7	9	10	0	0	0	0	0	296	326	358
Otros servizos																
Non tipificadas																
Total empresas	84.614	84.502	85.998	88.734	1.192	1.278	1.337	1.417	57	62	61	69	85.863	85.842	87.396	90.220

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

Unha vez rematada a análise dos datos proporcionados pola Tesourería da Seguridade Social centrarémonos nos que o INE aporta ó traveso do DIRCE - desde o ano 1995, en que comezou con este estudio-. Esta é unha fonte máis completa que a anterior, en primeiro lugar porque inclúe as empresas sen asalariados e en segundo lugar porque ademais das contas de cotización da Seguridade Social utiliza outras fontes de entrada de datos, como por exemplo o Imposto de Actividades Económicas ou os Resumos Anuais de Retencións a conta do IRPF. Os datos do DIRCE refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano e cómpre ter en conta que non inclúe os datos das empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servicios administrativos das Administracións Públicas (aunque si as empresas públicas).

O cadro 2.4 recolle a distribución por sectores económicos e comunidades autónomas das empresas que figuran no DIRCE ó comezo do ano 2001. Case a metade das empresas (46,23% en Galicia e 48,75 no total estatal) son do sector: “Resto de servicios”, no que figuran as empresas do sector de servicios diferentes das comerciais. Case a terceira parte do total das empresas son do sector do comercio (32,03% en Galicia e 30,12% no total estatal). Conxuntamente, as empresas do sector servicios supoñen un 78,26% do total en Galicia e un 78,87% en España.

■ Cadro 2.4

Distribución das empresas. Por sectores económicos e comunidades autónomas. 2001

		Sector económico				
		Total	Industria	Construcción	Comercio	Resto de servicios
		2.645.317	244.262	314.705	796.690	1.289.660
España	Andalucía	384.086	30.860	34.174	134.492	184.560
	Aragón	80.586	8.403	11.005	23.103	38.075
	Asturias	65.301	4.572	7.794	20.279	32.656
	Baleares	71.424	5.327	11.456	18.552	36.089
	Canarias	108.619	6.128	11.198	34.463	56.830
	Cantabria	32.288	2.354	4.207	9.411	16.316
	Castilla y León	147.775	12.839	21.750	45.799	67.387
	Castilla La Mancha	100.804	12.634	15.354	33.010	39.806
	Cataluña	494.153	54.164	60.910	138.906	240.173
	C. Valenciana	281.932	31.263	31.834	88.702	130.133
	Extremadura	47.765	4.129	5.619	16.900	21.117
	Galicia	167.732	14.838	21.626	53.732	77.536
	Madrid	377.785	26.937	40.974	94.386	215.488
	Murcia	69.865	7.145	8.617	23.337	30.766
	Navarra	36.606	3.752	5.396	10.086	17.372
	País Vasco	152.722	15.885	19.875	42.308	74.654
	A Rioxa	18.985	2.868	2.454	5.831	7.832
	Ceuta e Melilla	6.889	164	462	3.393	2.870

Fonte: INE. DIRCE.


No cadro 2.5 presentámo-las empresas de Galicia -con desglose provincial- e máis do Estado desde 1995. Galicia ten no ano 2001 un 6,3% do total estatal de empresas que figuran do DIRCE, porcentaxe que se mantivo practicamente invariable desde que existe esta fonte estatística; a provincia de A Coruña concentra no último ano o 41,75% das empresas galegas e a de Pontevedra o 32,62% (polo que tres de cada catro empresas galegas pertencen a unha desas provincias).

Distribución das empresas. Por provincias. Galicia/España. 1995-2001

■ Cadro 2.5

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	% G/E
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	6,4
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	6,4
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	6,4
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	6,4
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	6,2
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	6,4
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	6,3

Elaboración propia
Fonte: INE. DIRCE



Continuou no ano 2001 -aínda que con menos intensidade- a traxectoria ascendente do número de empresas de Galicia (que só se cortou en 1999). O aumento do último ano (1.660 empresas) produciuse nas catro provincias galegas, con especial importancia na de Pontevedra e con menor intensidade nas dúas de menor desenvolvemento económico.

No cadro 2.6 podemos ver a distribución nas provincias galegas -e nos totais galego e máis español- do número de empresas segundo a condición xurídica no último cuatrienio. En Galicia o maior aumento absoluto no ano 2001 foi o das sociedades limitadas (2.598), que seguen a súa traxectoria ascendente nun ano en que baixou en 1.517 o número de empresas propiedade de persoas físicas. Subiu o

número de sociedades en tódalas formas xurídicas agás nas sociedades colectivas - que seguen co seu descenso continuo- e curiosamente aparece neste ano na provincia da Coruña unha sociedade comanditaria -forma xurídica inexistente en Galicia nos anos anteriores segundo o DIRCE-.

**Distribución das empresas. Por condición xurídica e provincias.
Galicia. 1998-2001**

■ **Cadro 2.6**

		Total empresas	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de respons. limitada	Sociedades colectivas	Sociedades comanditarias	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros
A Coruña	1998	66.313	47.693	1.805	12.367	14	0	838	422	3.091	83
	1999	63.167	44.018	1.767	13.067	13	0	830	398	2.993	81
	2000	69.381	47.820	1.825	14.735	12	0	845	418	3.628	98
	2001	70.021	47.115	1.817	15.861	10	1	841	421	3.849	106
Lugo	1998	20.945	15.820	290	3.635	2	0	940	160	71	27
	1999	21.267	15.810	293	3.864	1	0	1.012	166	90	31
	2000	21.825	15.962	312	4.140	1	0	1.077	168	134	31
	2001	21.865	15.710	314	4.347	0	0	1.140	179	143	32
Ourense	1998	20.370	14.968	514	3.859	1	0	215	125	655	33
	1999	20.598	14.939	502	4.053	1	0	221	125	724	33
	2000	20.959	14.972	493	4.293	1	0	229	137	799	35
	2001	21.136	14.815	498	4.564	1	0	241	148	832	37
Pontevedra	1998	50.955	33.953	1.510	12.924	4	0	1.639	216	643	66
	1999	52.013	34.017	1.492	13.794	3	0	1.670	222	747	68
	2000	53.907	34.563	1.488	14.809	2	0	1.810	235	930	70
	2001	54.710	34.160	1.506	15.803	3	0	1.900	248	1.020	70
Galicia	1998	158.583	112.434	4.119	32.785	21	0	3.632	923	4.460	209
	1999	157.045	108.784	4.054	34.778	18	0	3.733	911	4.554	213
	2000	166.072	113.317	4.118	37.977	16	0	3.961	958	5.491	234
	2001	167.732	111.800	4.135	40.575	14	1	4.122	996	5.844	245
España	1998	2.474.690	1.659.810	135.669	509.072	623	126	70.098	22.985	71.165	5.142
	1999	2.518.801	1.647.699	133.410	559.483	579	118	71.809	23.110	77.263	5.330
	2000	2.595.392	1.662.679	131.079	612.374	548	127	73.511	23.456	86.070	5.548
	2001	2.645.317	1.651.265	129.349	667.441	503	127	75.503	24.210	91.386	5.533

Elaboración propia
Fonte: INE. DIRCE

No tocante á estrutura empresarial galega por condición xurídica no ano 2001, a empresa propiedade dunha persoa física segue a se-la fórmula maioritaria (dúas de cada tres empresas galegas: un 66,65% do total), seguida da sociedade limitada (24,19% das empresas). Esta última segue subindo a súa porcentaxe mentres que no último ano diminuíu o das persoas físicas.

No cadro 2.7 ofrecémo-la distribución das empresas por estrato de asalariados nas provincias galegas -e nos totais galego e máis estatal- no último trienio. Máis da metade das empresas galegas (52,28%) non teñen asalariados; das que teñen algún asalariado, máis da metade (59,33%) contan só con un ou dous empregados.

■ Cadro 2.7

Distribución das empresas. Por estrato de asalariados e provincias.
Galicia/España. 1999-2001

		Sen asalariados	Con asalariados	de 1 a 2 asalariados	de 3 a 5	de 6 a 9	de 10 a 19	de 20 a 49	de 50 a 99	de 100 a 199	de 200 a 499	de 500 a 999	de 1.000 a 4.999	de 5.000 ou máis asalariados
A Coruña	1999	34.778	28.389	16.932	5.795	2.484	1.803	1.014	210	85	49	12	5	0
	2000	38.822	30.559	18.104	6.299	2.662	1.939	1.120	249	110	54	17	5	0
	2001	38.084	31.937	18.807	6.606	2.966	1.982	1.116	252	129	58	15	5	1
Lugo	1999	11.666	9.601	6.146	2.008	725	463	209	30	15	4	1	0	0
	2000	11.733	10.092	6.385	2.148	796	489	218	34	18	3	0	1	0
	2001	11.293	10.572	6.712	2.219	861	498	222	38	18	3	1	0	0
Ourense	1999	11.768	8.830	5.509	1.811	709	492	213	66	14	10	5	1	0
	2000	11.788	9.171	5.654	1.921	752	497	254	60	16	12	4	1	0
	2001	11.528	9.608	6.001	1.934	844	502	229	64	17	11	5	1	0
Pontevedra	1999	26.560	25.453	14.898	5.397	2.265	1.624	921	205	87	43	10	2	1
	2000	27.245	26.662	15.330	5.735	2.454	1.735	1.043	211	94	45	11	3	1
	2001	26.789	27.921	15.967	5.981	2.759	1.800	1.019	240	90	50	7	7	1
Galicia	1999	84.772	72.273	43.485	15.011	6.183	4.382	2.357	511	201	106	28	8	1
	2000	89.588	76.484	45.473	16.103	6.664	4.660	2.635	554	238	114	32	10	1
	2001	87.694	80.038	47.487	16.740	7.430	4.782	2.586	594	254	122	28	13	2
España	1999	1.388.116	1.130.685	648.771	235.131	101.717	79.423	45.639	11.348	4.826	2.740	663	362	65
	2000	1.417.221	1.178.171	666.054	246.660	108.534	85.259	49.855	12.362	5.373	2.910	697	396	71
	2001	1.408.792	1.236.525	692.964	259.764	126.050	86.308	48.205	12.953	5.867	3.180	744	418	72

Elaboración propia
Fonte: INE. DIRCE

Nas empresas sen asalariados, Galicia representa no ano 2001 o 6,22% do total estatal (fronte ó 6,32% do ano anterior). Nas empresas con asalariados, o peso relativo de Galicia no total estatal é meirande nas empresas de menos asalariados e vaise facendo sempre máis pequeno a medida que sobe o estrato de empregados ata o dos 5.000 (coa única excepción do estrato de 6 a 9 empregados, no que sobe lixeiramente a porcentaxe respecto do escala anterior).

A porcentaxe de Galicia no total estatal de empresas é no último ano do 6,85% no estrato de 1 ou 2 asalariados, 6,44% nas de 3 a 5 asalariados, 5,89% nas de 6 a 9, 5,54% nas de 10 a 19, 5,36% nas de 20 a 49, 4,59% nas de 50 a 99, 4,33% nas de 100 a 199, 3,84% nas de 200 a 499 asalariados, 3,76% nas de 500 a 999. Nas empresas de 1.000 a 4.999 asalariados esa porcentaxe baixa ó 3,11% e nas que superan os 5.000 asalariados ó 2,78%), pero presentan nos dous casos unha importante suba relativa respecto do ano anterior.


O cadro 2.8 explicita a porcentaxe de empresas que teñen asalariados desde 1995 tanto en Galicia como no conxunto do Estado. A porcentaxe galega supera por cuarto ano consecutivo á estatal (nun punto no ano 2001, tres décimas máis que no ano anterior).

**Porcentaxe de empresas que teñen asalariados.
Galicia/España. 1995-2001**

■ Cadro 2.8

	Galicia	España
1995	41,0	42,4
1996	41,6	42,5
1997	43,3	43,3
1998	44,4	43,8
1999	46,0	44,9
2000	46,1	45,4
2001	47,7	46,7

Fonte: DIRCE



Unha información máis polo miúdo das empresas con asalariados é a que figura no cadro 2.9, que recolle a porcentaxe de empresas por estrato de asalariados en Galicia e no Estado no último cuatrienio. Compróbase que no ano 2001 só no estrato inferior (no pasado ano era nos dous estratos inferiores) as empresas galegas superan en porcentaxe ás do total do Estado e vaise abrindo a diferenza relativa a prol de España nos cinco estratos seguintes a medida que vai subindo o seu tamaño.

■ Cadro 2.9


**Porcentaxe de empresas. Por estrato de asalariados⁽¹⁾.
Galicia/España. 1998-2001**

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
1998	60,8	20,7	5,4	6,0	3,1	1,1	57,8	20,8	9,1	6,8	3,8	1,7
1999	60,1	20,8	8,6	6,1	3,3	1,1	57,4	20,8	9,0	7,0	4,0	1,8
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9

Elaboración propia, a partir dos datos do DIRCE

(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algún asalariado

Porcentaxe de empresas por estrato de asalariados en 2001



A distribución das empresas por actividade principal -segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas- e estrato de asalariados presentámola para Galicia no último bienio no cadro 2.10. Os datos do ano 2001 amosan que o epígrafe 52 (comercio polo miúdo, sen incluír o de vehículos de motor e a reparación de aparellos domésticos ou efectos persoais) concentra o 21,19% do total de empresas galegas que figuran no DIRCE; séguenlle en importancia numérica o epígrafe 45 (construcción) cun 12,89 e o epígrafe 55 (hostalería) cunha porcentaxe case idéntica (12,57%). Os tres apartados citados seguen concentrando case a metade do total de empresas galegas (46,65%); na comparanza co ano anterior, aumenta a porcentaxe da construcción (que pasa da terceira á segunda posición) e diminúen as do comercio polo miúdo e maila hostalería (pasando esta última da segunda á terceira posición na clasificación).

Se en vez de estudia-lo total de empresas centrámola análise nas empresas **galegas sen asalariados**, os tres epígrafes citados supoñen no ano 2001 unha porcentaxe lixeiramente maior (47,43%) e o peso relativo de cada un deles varía notablemente respecto ó visto anteriormente, xa que o comercio polo miúdo (no que hai que lembrar que non se inclúen algunhas actividades, xa mencionadas anteriormente) gaña peso ata acadalo 24,85% do total, a hostalería segue cun valor semellante (12,87%) e a construcción pasa do posto terceiro ó cuarto -por detrás de "outras actividades empresariais"-.

Se queremos centra-la análise nas empresas galegas con **asalariados** do ano 2001, os datos deste cadro 2.10 permiten ós interesados realizar un estudio polo miúdo do número de empresas correspondentes ás diversas actividades económicas do CNAE -ata a subdivisión en dous díxitos- para os once estratos de asalariados recollidos no DIRCE.

■ Cadro 2.10
**Distribución das empresas segundo estrato de asalariados.
Por actividade principal. Galicia. 2000 - 2001**

	Total		Sen asalariados		De 1 a 2 asalariados	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
10. Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	2	2	0	0	0	0
11. Extracción de crús de petróleo e gas natural, actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás activ. de prospección	4	4	1	1	2	2
13. Extracción de minerais metálicos	8	7	2	2	3	2
14. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	389	407	84	85	69	88
15. Industria de produtos alimenticios e bebidas	2.719	2.752	993	990	804	830
16. Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0
17. Industria téxtil	465	455	243	210	70	77
18. Industria da confección e da peletería	1.409	1.414	451	438	204	189
19. Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talabartería e zapatería	63	65	29	33	12	8
20. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1.894	1.862	661	612	544	560
21. Industria do papel	44	48	3	4	8	9
22. Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	860	912	301	330	292	296
23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0
24. Industria química	172	177	56	63	41	40
25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	202	210	61	62	36	41
26. Fabricación de produtos de minerais non metálicos	1.009	1.055	204	223	226	228
27. Metalurxia	70	67	13	15	17	14
28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	2.192	2.271	647	655	677	680
29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	516	545	156	161	125	128
30. Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	34	38	17	21	10	11
31. Fabricación de maquinaria e material electrónico	115	125	31	32	18	19
32. Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparatos de radio, televisión e comunicacións	21	21	7	5	4	2
33. Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	314	318	175	183	89	91
34. Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	111	125	27	28	24	24
35. Fabricación doutro material de transporte	347	360	67	72	68	65
36. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	1.440	1.448	580	572	491	501
37. Reciclaxe	1	1	0	0	0	0
40. Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	121	139	42	59	27	28
41. Captación, depuración e distribución de auga	10	10	1	1	1	2
45. Construción	20.848	21.626	8.342	8.512	6.106	6.477
50. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	5.390	5.430	1.630	1.611	2.074	2.118
51. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	12.594	12.766	5.791	5.760	3.511	3.580
52. Comercio polo miúdo, agás ó comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos	35.498	35.536	22.339	21.789	9.605	9.938
55. Hostalería	20.929	21.084	11.717	11.286	6.500	6.869
60. Transporte terrestre; transporte por tuberías	12.341	12.062	7.979	7.558	3.021	3.119
61. Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	37	34	10	10	4	2
62. Transporte aéreo e espacial	2	3	0	0	0	0
63. Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes	926	932	327	315	271	267
64. Correos e telecomunicacións	242	243	114	108	56	60
65. Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	32	34	7	8	7	6
66. Seguros e plans de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	31	31	9	11	9	7
67. Actividades auxiliares á intermediación financeira	2.781	2.932	1.869	1.965	725	786
70. Actividades inmobiliarias	4.133	4.350	2.603	2.662	1.090	1.238
71. Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e aparellos domésticos	753	788	366	377	247	276
72. Actividades informáticas	659	708	411	432	137	157
73. Investigación e desenvolvemento	553	573	501	520	37	40
74. Outras actividades empresariais	17.156	16.592	11.805	11.053	3.357	3.426
80. Educación	2.774	2.908	1.368	1.386	484	508
85. Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	5.343	5.573	3.312	3.380	1.341	1.435
90. Actividades de saneamento público	160	153	73	66	40	38
91. Actividades asociativas	381	406	25	32	232	250
92. Actividades recreativas, culturais e deportivas	2.736	2.709	1.340	1.250	831	886
93. Actividades diversas de servizos persoais	5.241	5.421	2.798	2.746	1.926	2.069
Galicia	166.072	167.732	89.588	87.694	45.473	47.487

Fonte: INE. DIRCE

	De 3 a 5 asalariados		De 6 a 9 asalariados		De 10 a 19 asalariados	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
10. Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	0	0
11. Extracción de crús de petróleo e gas natural, actividades dos servicios relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás activ. de prospección	0	0	0	1	1	0
13. Extracción de minerais metálicos	1	1	1	1	0	0
14. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	79	75	49	50	56	56
15. Industria de produtos alimenticios e bebidas	397	376	180	223	146	147
16. Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0
17. Industria téxtil	49	53	25	37	32	34
18. Industria da confección e da peletería	132	150	144	158	265	262
19. Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talabartería e zapatería	9	12	2	4	9	5
20. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	287	284	147	169	143	128
21. Industria do papel	7	6	10	11	8	9
22. Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	131	132	60	77	46	41
23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0
24. Industria química	25	22	14	13	13	15
25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	24	27	16	12	26	28
26. Fabricación de produtos de minerais non metálicos	185	188	97	112	135	134
27. Metalurxia	12	8	4	9	13	11
28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	374	402	188	204	159	161
29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	78	90	40	46	46	47
30. Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	5	5	1	1	1	0
31. Fabricación de maquinaria e material electrónico	17	18	15	21	12	14
32. Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparatos de radio, televisión e comunicacións	2	3	1	0	2	5
33. Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	30	26	6	7	7	6
34. Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	11	12	11	12	11	12
35. Fabricación doutro material de transporte	45	46	32	40	42	37
36. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	200	192	70	71	53	65
37. Reciclaxe	0	0	1	1	0	0
40. Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	19	19	13	13	13	14
41. Captación, depuración e distribución de auga	1	0	3	3	1	0
45. Construción	3.072	3.183	1.575	1.579	1.070	1.205
50. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	963	948	348	393	234	210
51. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.677	1.713	775	917	550	499
52. Comercio polo miúdo, agás ó comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos pessoais e aparellos domésticos	2.370	2.561	687	818	315	282
55. Hostalería	1.836	1.966	536	692	213	172
60. Transporte terrestre; transporte por tuberías	696	725	299	333	208	193
61. Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	5	3	9	5	3	10
62. Transporte aéreo e espacial	2	2	0	1	0	0
63. Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes	152	168	76	73	47	53
64. Correos e telecomunicacións	31	25	18	20	8	16
65. Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	1	4	2	0	2	3
66. Seguros e plans de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	3	2	5	4	1	5
67. Actividades auxiliares á intermediación financeira	143	133	37	39	7	8
70. Actividades inmobiliarias	286	287	98	102	45	54
71. Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos pessoais e aparellos domésticos	78	68	32	35	18	18
72. Actividades informáticas	59	61	32	26	10	20
73. Investigación e desenvolvemento	7	7	3	2	3	3
74. Outras actividades empresariais	1.132	1.155	410	463	256	333
80. Educación	352	373	216	218	196	208
85. Actividades sanitarias e veterinarias, servicios sociais	399	419	132	149	73	92
90. Actividades de saneamento público	23	20	14	11	3	11
91. Actividades asociativas	67	64	15	20	23	21
92. Actividades recreativas, culturais e deportivas	272	274	123	118	95	106
93. Actividades diversas de servicios persoais	357	432	92	116	40	29
Galicia	16.103	16.740	6.664	7.430	4.660	4.782

Fonte: INE. DIRCE

	20 a 49 asal.		50 a 99 asal.		100 a 199 asal.		200 a 499 asal.	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
10. Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	0	1	2	1
11. Extracción de crús de petróleo e gas natural, actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás activ. de prospección	0	0	0	0	0	0	0	0
13. Extracción de minerais metálicos	1	1	0	0	0	0	0	0
14. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	40	40	8	11	4	2	0	0
15. Industria de produtos alimenticios e bebidas	116	106	31	28	30	34	18	14
16. Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0	0	0
17. Industria téxtil	35	31	6	8	2	3	3	2
18. Industria da confección e da peletería	166	164	33	37	7	10	3	2
19. Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talabartería e zapatería	1	2	1	1	0	0	0	0
20. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	86	84	15	14	7	7	3	3
21. Industria do papel	6	6	2	3	0	0	0	0
22. Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	20	23	5	6	4	6	1	1
23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0	0	0
24. Industria química	11	13	10	9	1	0	1	2
25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	24	25	8	8	6	4	1	3
26. Fabricación de produtos de minerais non metálicos	113	122	33	31	11	12	4	4
27. Metalurxia	6	5	1	1	3	2	1	2
28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	106	123	30	31	8	13	3	2
29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	52	53	12	14	6	4	1	2
30. Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	0	0	0	0	0	0	0	0
31. Fabricación de maquinaria e material electrónico	13	11	4	5	3	4	1	1
32. Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparatos de radio, televisión e comunicacións	2	3	0	0	1	2	2	1
33. Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	7	5	0	0	0	0	0	0
34. Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	13	22	7	4	3	3	2	6
35. Fabricación doutro material de transporte	56	62	25	28	7	7	4	3
36. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	35	36	9	7	1	4	1	0
37. Reciclaxe	0	0	0	0	0	0	0	0
40. Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	4	2	1	3	1	0	1	1
41. Captación, depuración e distribución de auga	1	2	0	0	1	1	1	1
45. Construción	534	522	95	98	40	36	12	12
50. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	117	122	21	25	2	2	1	1
51. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	243	244	29	34	12	12	5	4
52. Comercio polo miúdo, agás ó comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos	139	110	21	15	8	11	7	5
55. Hostalería	102	72	16	16	6	6	2	5
60. Transporte terrestre; transporte por tuberías	119	111	11	15	5	4	3	4
61. Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	5	3	0	0	1	1	0	0
62. Transporte aéreo e espacial	0	0	0	0	0	0	0	0
63. Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes	27	31	12	13	6	5	7	6
64. Correos e telecomunicacións	10	9	3	1	2	3	0	1
65. Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	0	1	3	3	1	1	1	1
66. Seguros e plans de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	2	0	1	1	1	1	0	0
67. Actividades auxiliares á intermediación financeira	0	1	0	0	0	0	0	0
70. Actividades inmobiliarias	9	5	2	2	0	0	0	0
71. Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e aparellos domésticos	10	12	2	2	0	0	0	0
72. Actividades informáticas	5	6	3	3	1	2	0	0
73. Investigación e desenvolvemento	2	1	0	0	0	0	0	0
74. Outras actividades empresariais	117	89	41	34	20	20	11	12
80. Educación	133	160	19	47	6	4	0	3
85. Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	55	61	13	16	10	13	7	7
90. Actividades de saneamento público	7	7	0	0	0	0	0	0
91. Actividades asociativas	10	8	4	4	2	4	3	3
92. Actividades recreativas, culturais e deportivas	52	45	12	13	9	10	2	6
93. Actividades diversas de servizos persoais	23	25	5	3	0	0	0	1
Galicia	2.635	2.586	554	594	238	254	114	122

Fonte: INE. DIRCE

	500 a 999 asal.		1000 a 4999 asal.		5000 ou + asal.	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
10. Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	0	0
11. Extracción de crús de petróleo e gas natural, actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás activ. de prospección	0	0	0	0	0	0
13. Extracción de minerais metálicos	0	0	0	0	0	0
14. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	0	0	0	0	0	0
15. Industria de produtos alimenticios e bebidas	4	4	0	0	0	0
16. Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0
17. Industria téxtil	0	0	0	0	0	0
18. Industria da confección e da peletería	3	3	1	1	0	0
19. Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talabartería e zapatería	0	0	0	0	0	0
20. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1	1	0	0	0	0
21. Industria do papel	0	0	0	0	0	0
22. Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0	0	0	0	0	0
23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0
24. Industria química	0	0	0	0	0	0
25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	0	0	0	0	0	0
26. Fabricación de produtos de minerais non metálicos	1	1	0	0	0	0
27. Metalurxia	0	0	0	0	0	0
28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	0	0	0	0	0	0
29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	0	0	0	0	0	0
30. Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	0	0	0	0	0	0
31. Fabricación de maquinaria e material electrónico	1	0	0	0	0	0
32. Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparatos de radio, televisión e comunicacións	0	0	0	0	0	0
33. Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	0	0	0	0	0	0
34. Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1	0	0	1	1	1
35. Fabricación doutro material de transporte	0	0	1	0	0	0
36. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	0	0	0	0	0	0
37. Reciclaxe	0	0	0	0	0	0
40. Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	0	0	0	0	0	0
41. Captación, depuración e distribución de auga	0	0	0	0	0	0
45. Construción	1	1	1	1	0	0
50. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	0	0	0	0	0	0
51. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	1	3	0	0	0	0
52. Comercio polo miúdo, agás ó comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos	6	3	1	3	0	1
55. Hostalería	1	0	0	0	0	0
60. Transporte terrestre; transporte por tuberías	0	0	0	0	0	0
61. Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	0	0	0	0	0	0
62. Transporte aéreo e espacial	0	0	0	0	0	0
63. Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes	1	1	0	0	0	0
64. Correos e telecomunicacións	0	0	0	0	0	0
65. Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	5	4	3	3	0	0
66. Seguros e plans de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	0	0	0	0	0	0
67. Actividades auxiliares á intermediación financeira	0	0	0	0	0	0
70. Actividades inmobiliarias	0	0	0	0	0	0
71. Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e aparellos domésticos	0	0	0	0	0	0
72. Actividades informáticas	1	1	0	0	0	0
73. Investigación e desenvolvemento	0	0	0	0	0	0
74. Outras actividades empresariais	4	5	3	2	0	0
80. Educación	0	0	0	1	0	0
85. Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	1	0	0	1	0	0
90. Actividades de saneamento público	0	0	0	0	0	0
91. Actividades asociativas	0	0	0	0	0	0
92. Actividades recreativas, culturais e deportivas	0	1	0	0	0	0
93. Actividades diversas de servizos persoais	0	0	0	0	0	0
Galicia	32	28	10	13	1	2

Fonte: INE. DIRCE

As maiores empresas con domicilio social en Galicia (excluíndo as financeiras) pódense ollar no cadro 2.11 clasificadas pola facturación do ano 2001; recóllense nel as vendas, o cadro de persoal e a sé social. Destacáramos os seguintes aspectos:

■ Hai once firmas máis que no ano anterior -mesmo número en que subiu no ano 2000- que superan o limiar dos 10.000 millóns de pesetas (60,10 millóns de euros) de facturación. No ano 2001 son 67 as sociedades -empresas e grupos de empresas- que exceden ese volume de vendas; desaparecen do ranking por integración noutras empresas algunhas tan tradicionais nel como Leyma (agora integrada na granadina Ebro- Puleva) e Astano (que deixou de presenta-las contas en Galicia para facelo en Madrid co Grupo Izar).

■ Son xa seis as sociedades que facturan máis de 100.000 millóns, mentres que dous anos antes eran só dúas (Citroën e Inditex). Pescanova, Gadisa e Coren foron as tres incorporacións do ano 2000 e a Constructora San José a do ano 2001.

■ Son 23 as sociedades que realizaron vendas por máis de 25.000 millóns de pesetas (unha máis que no ano anterior; mentres que este número aumentara en catro empresas no ano anterior).

■ PSA Peugeot Citroën e o Grupo Inditex consolidan o seu liderato no tecido productivo galego; esta última subiu a facturación no ano 2001 nunha taxa superior á da empresa automobilística, co que segue a pecha-la diferenza respecto de PSA Peugeot Citroën (se en 1999 facturaba o 50%, en 2001 xa é un 72,83%).

■ Coren e Gadisa intercambian no ano 2001 as posicións cuarta e quinta (aunque esta última estaría de novo no cuarto posto se consolidase nos seus resultados os de divisións distintas da de distribución, como a madeireira).

■ Consolidou o liderato o grupo Inditex no ranking de empregos (arrebatarallo a Citroën en 1998), cunha suba do 11,35% en 2001, que segue o espectacular aumento do 41,7% do ano anterior (en parte debido á contratación de traballadores antes vencellados a empresas de traballo temporal, pero tamén tivo un importante efecto a apertura de moitas novas tendas, centros loxísticos, etc).

■ As zonas: A Coruña- Arteixo e Vigo-Porriño son os auténticos eixes vertebradores das grandes empresas galegas e concentran máis da metade das empresas recollidas no cadro 2.11 (concretamente o 58,21%: 39 empresas das 67).

■ Por provincias, as menos desenvolvidas socio-economicamente de Galicia (Lugo e Ourense) supoñen tan só 8 empresas (o 11,94%) do total mentres que A Coruña e Pontevedra concentran case o 90% (88,06%).

■ Cadro 2.11

Clasificación de empresas con domicilio social en Galicia.
2001

Ranking	Sociedade	Facturación ⁽¹⁾		Cadro de persoal	Sede central
		Euros	Pesetas		
1	PSA Peugeot Citroën	4.462,00	742.414	10.600	Vigo
2	Inditex	3.249,80	540.721	26.724	Arteixo
3	Pescanova	811,00	134.939	3.379	Vigo
4	Coren	732,31	121.846	2.988	Ourense
5	Gadisa	667,42	111.049	4.759	Betanzos
6	Const. San José	662,00	110.148	1.491	Pontevedra
7	Grupo Finsa	492,82	81.998	2.137	Santiago
8	Vegonsa	455,00	75.706	2.915	Vigo
9	Fadesa	372,63	62.000	680	A Coruña
10	Grupo Súbel	356,00	59.233	4.317	A Coruña
11	Distribuciones Froiz	301,10	50.099	2.050	Poio
12	Astra Zéneca	280,40	46.655	140	Porriño
13	Luis Calvo Sanz	241,00	40.099	1.500	Carballo
14	Grupo Jealsa	232,41	38.670	1.000	Boiro
15	Grupo Copo	204,70	34.059	288	Vigo
16	Leche Celta	197,79	32.909	241	Pontevedra
17	GKN Indugasa	194,60	32.379	994	Vigo
18	Barreras	174,30	29.001	345	Vigo
19	Cofano	172,80	28.752	127	Vigo
20	Corporación Noroeste	169,30	28.169	729	Vigo
21	Grupo Anjoca	156,26	25.999	450	A Coruña
22	Faurecia	154,90	25.773	334	Vigo
23	Grupo Comar	150,45	25.033	1.623	A Coruña
24	Megasa	145,90	24.276	258	Narón
25	Saprogal	145,00	24.126	365	A Coruña
26	Industrias Losán	140,73	23.416	810	A Coruña
27	Grupo Isidro de la Cal	140,64	23.401	380	A Coruña
28	Grupo Pérez Rumbao	139,00	23.128	550	Ourense
29	Cofaga	126,80	21.098	179	A Coruña
30	Cupire-Padesa	126,21	21.000	1.200	Carballada V.
31	Grupo Iberconsa	125,10	20.815	495	Vigo
32	Grupo Vieirasa	123,00	20.465	1.530	Vigo
33	Maderas Iglesias	120,20	20.000	655	Vigo
34	Norte Forestal	119,34	19.857	233	Pontevedra
35	Grupo Marfrio	111,87	18.614	658	Vigo
36	Copasa	109,38	18.199	399	Ourense
37	Lácteos Lence	108,34	18.026	69	Láncara
38	RTVG	106,42	17.707	677	Santiago
39	Adolfo Domínguez	105,85	17.612	931	Ourense
40	Feiraco	99,08	16.486	262	Negreira
41	Corp. La Voz de Galicia	98,96	16.466	982	A Coruña
42	Begano	97,67	16.251	295	A Coruña
43	Televés	93,46	15.550	510	Santiago
44	Cefargal	90,15	15.000	53	A Coruña
45	Autopistas del Atlántico	85,32	14.196	291	A Coruña
46	Grupo Moldes	85,10	14.159	325	Pontevedra
47	Alfageme	81,10	13.494	350	Vigo
48	Frigoríficos del Noroeste	80,73	13.432	437	Ribeira
49	Prefabricados Castelo	78,13	13.000	620	O Porriño
50	Viza Automoción	78,00	12.978	344	Vigo
51	SGL Carbón	77,60	12.912	155	A Coruña
52	Grupo Ultratur	77,23	12.850	220	Vigo
53	Sanjurjo Alonso	75,72	12.599	54	Lugo
54	Actemsa	75,12	12.499	70	A Pobra
55	Pescapuerta	75,00	12.479	900	Vigo
56	Leche de Galicia	72,12	12.000	89	Vilalba
57	Caramelo	70,32	11.700	744	A Coruña
58	Hijos de Rivera	68,40	11.381	262	A Coruña
59	Grupo Puentes	67,91	11.299	478	Oroso
60	Fandicosta	65,69	10.930	150	Moaña
61	Lignitos de Meirama	65,61	10.917	175	A Coruña
62	Povisa	62,70	10.432	1.300	Vigo
63	Rodman Polyships	61,77	10.278	548	Vigo
64	Grupo Zeltia	61,31	10.201	453	Vigo
65	Sociedad Textil Lonja	61,30	10.199	680	Ourense
66	Escurís	61,00	10.150	400	A Pobra
67	Soaga	61,00	10.150	124	Padrón

(1) En millóns

Fonte: La Voz de Galicia (cos datos facilitados directamente polas empresas)

No cadro 2.12 presentámo-las 18 empresas que, segundo os datos do Servizo de Información ARDÁN superaron en 2000 -último ano con datos dispoñibles desta fonte- os 150 millóns de euros de facturación. Das dúas que encabezan a clasificación subliñarémo-la consolidación do liderato de CITROËN e, no tocante á segunda, o importante crecemento das empresas do Grupo INDITEX (a propia Inditex, Zara España, Pull and Bear España, Grupo Massimo Dutti, que medraron todas cando menos un 19% no ano analizado).

■ **Cadro 2.12** **Empresas⁽¹⁾ do ranking Ardán que superan os 150 millóns de euros de facturación. Galicia. 2000**

	Empresa	Sector	Actividade	Localidade	Facturación ⁽²⁾	% Variación
1	Citroën Hispania, SA	Fabr.	Automób., carroc. vehíc.turis.	Vigo	5.979.571.599	29
2	Industria de Diseño Textil, SA	Maio.	Confeccións de dona e nena	Arteixo	1.182.654.394	26
3	Zara España, SA	Deta.	Confeccións en xeral	Arteixo	801.890.970	19
4	Gallega de Distribuidores Aliment., SA	Maio.	Comestibles e produtos relac.	Betanzos	417.189.607	32
5	Financiera Maderera, SA	Fabr.	Taboleiros de madeira (aglomerado)	Santiago	393.832.083	21
6	Centros de Distribución Vegon, SA	Maio.	Comestibles e produtos relac.	Vigo	324.114.427	15
7	Constructora San José, SA	Cons.	Contratistas xerais	Pontevedra	300.916.207	26
8	Fadesa Inmobiliaria, SA	Cons.	Promotores de obras	A Coruña	277.360.709	28
9	Distribuciones Froiz, SA	Deta.	Tendas mercancías en xeral	Poio	225.885.092	16
10	Astilleros y Talleres del Noroeste, SA	Fabr.	Constr. e reparación de buques	Fene		
11	Metalúrgica Galaica, SA	Fabr.	Fundición de aceiro SC	Narón	202.230.218	20
12	Leche Celta, SA	Fabr.	Leite líquido e iogurtes	Pontedeume		
13	Grupo Massimo Dutti, SA	Deta.	Confeccións en xeral	Arteixo	191.239.936	31
14	GNK Indugasa, SA	Fabr.	Recambios e pezas de motor	Vigo	171.527.983	4
15	Hijos de J. Barreras, SA	Fabr.	Constr. e reparación de buques	Vigo	161.762.408	52
16	Pescanova, SA	Maio.	Peixes e mariscos	Redondela	157.582.297	1
17	Astrazeneca Farmacéutica Spain, Sa	Fabr.	Especialidades farmacéuticas	O Porriño	153.314.425	36
18	Pull & Bear España, SA	Deta.	Confeccións en xeral	Arteixo	153.208.912	19

Non figura aquí unha empresa que aparece entre as primeiras do ranking de Ardán (Necso Entrecanales Cubiertas) para segui-lo principio xeral deste Directorio de non incluír empresas que non presentan as contas sociais en Galicia. A facturación destas empresas que recolle Ardán corresponde á actividade total destas empresas (non só á desenvolvida en Galicia).

(2) En euros

Fonte: ARDÁN Galicia 2002

“ARDÁN Galicia 2002. Directorio e Informe económico-financieiro e da competitividade” contén datos moi valiosos para o estudo da realidade empresarial galega a partir do seguimento de 10.000 sociedades galegas que tiveron ingresos superiores ós 378.600 euros no exercicio 2000; ademais, a periodicidade anual da súa publicación permite o seguimento da andaina dunha parte básica do tecido empresarial galego. Malia iso, cómpre non esquecer ó utilizar estes datos cal é a súa fonte básica (as contas anuais que as Sociedades depositan nos Rexistros Mercantís), polo que non inclúe os datos das empresas ás que a lexislación exige da obrigatoriedade de presenta-las súas contas nos rexistros mercantís; tamén poden non figurar os de empresas que non depositaron as súas contas nos Rexistros, ou ben as depositaron fóra de prazo ou con algún defecto de forma. Ademais, este Directorio recolle só datos de sociedades que teñen a súa sede social en Galicia e non inclúe

as financeiras, polo que é fácil detectar na clasificación do cadro 2.12 ausencias de empresas con peso importante no tecido productivo galego -como Unión Fenosa, Repsol, Grupo Alcoa, El Corte Inglés, Banco Pastor, Caixa Galicia ou Caixanova-.

Resumindo, podemos dicir que o Directorio ARDÁN recolle as 10.000 sociedades privadas non bancarias con sede social en Galicia que cumpriron as obrigas rexistrativas e facturaron máis de 378.600 euros no exercicio 2000.

A información das principais empresas vista nos dous cadros anteriores completará a coa que figura nos cadros 2.13 e 2.14. No primeiro recolleemos algunhas grandes empresas industriais radicadas en España con significativa presenza productiva en Galicia (as 15 de facturación superior ós 150 millóns de euros) e no cadro 2.14 as principais grandes empresas industriais que teñen o establecemento principal de España situado en Galicia (as que exceden os 75 millóns de euros de vendas).

Relación de empresas industriais radicadas en España con significativa presenza productiva en Galicia. 2000

■ Cadro 2.13

	Empresa	Actividade	Vendas ⁽¹⁾	Emprego
1	Repsol-YPF	Refinamento de petróleo	26.294,99	29.807
2	Iberdrola	Enerxía eléctrica	6.168,34	11.353
3	Endesa	Enerxía eléctrica	5.324,94	3.580
4	Atladis	Outras industrias alimentarias	1.369,03	2.000
5	U.E. Fenosa	Enerxía eléctrica	1.107,62	4.421
6	Nestlé España, SA	Alimentación	1.070,46	3.995
7	Alcoa Inespai, SA	Metalurxia non férrea	961,62	4.500
8	Leche Pascual	Productos lácteos	588,85	1.884
9	Moyresa, Molturación e Refino	Aceites	492,25	373
10	Izar Construcciones Navales	Construcción naval	473,74	9.600
11	Grupo Industrial Ence	Pasta papeleira, papel e cartón	340,32	748
12	GKN Transmisiones España	Auxiliar do Automóvil	245,48	
13	Dalphi Metal España, SA	Auxiliar do Automóvil	170,06	439
14	Sai Automotive Lignotock, SA	Auxiliar do Automóvil	157,03	1.232
15	Ferroatlántica, SL	Ferroaleacións	153,06	628

(1) En millóns de euros

Fonte: "Fomento de la Producción" (recollido por nós do informe "A economía galega. 2000-2001". Fundación Caixa Galicia)

**Relación de empresas industriais nas que o establecemento principal en España
está instalado en Galicia. (Facturación superior ós 8.000 millóns de pesetas en 2000)**

■ Cadro 2.14

Empresa	Actividade	Vendas ⁽¹⁾	Emprego
Peugeot Citroën Automóvil España, SA	Fabricación de vehículos e industria auxiliar	4.461	10.188
Industria de Diseño Textil, SA	Grupo Zara en Galicia	795	274
Cooperativas Orensanas, Soc. Cooperativa Ltda.	Industrias cárnicas	513	2.360
Financiera Maderera, SA	Taboleiros e chapa	314	798
Leche Celta, SA	Industrias lácteas	190	136
Metalúrgica Galaica, SA	Productos siderúrgicos, calderería, forxa e fundición	169	26
Pescanova, SA	Conservas	155	112
Luis Calvo Sanz, SA	Conservas	149	56
Saprogal, SA	Fabricación de pensos	131	371
Jealsa Rianxeira, SA	Conservas	118	443
Hijos de J. Barreras, SA	Construcción naval	111	386
Industrias Frigoríficas del Louro, SA	Industrias cárnicas	106	535
Factorías Vulcano, SA	Construcción naval	101	286
Leite Río, SL	Industrias lácteas	88	64
Feiraco, Soc. Coop. Ltda.	Industrias lácteas	79	244
Bebidas Gaseosas del Noroeste, SA	Bebidas	78	300
Adolfo Domínguez, SA	Confección e xéneros de punto	77	656
Bernardo Alfageme, SA	Conservas	77	259

(1) En millóns de euros

Fonte: Fomento de la Producción (extraído por nós do Informe "A Economía Galega 2000-2001". Fundación Caixa Galicia)

2.3. Evolución económica e financeira. Distribución sectorial e territorial

Se en vez de centrarnos só nas principais grandes empresas galegas (como fixemos ó remate do anterior epígrafe) temos en conta o estudio económico-financeiro e da competitividade que figura no Directorio ARDÁN 2002 para as 9.012 empresas galegas das que teñen datos dos últimos tres anos analizados (1998 a 2000) e a súa facturación excede no ano 2000 378.600 euros, podemos extraer algúns puntos básicos que nos poden achegar ó comportamento empresarial galego no exercicio 2000.

1) O valor engadido bruto ó custo dos factores tivo no ano 2000 unha suba importante (9,47%), anque inferior á dos ingresos de explotación (14,49%). O crecemento da primeira das magnitudes foi bastante menor que o obtido no exercicio anterior:

2) Subiron notablemente en 2000 os gastos financeiros das empresas (nun 38,09%), polo cambio das condicións dos mercados pero tamén como resultado dalgunhas políticas financeiras de grandes empresas.

3) Os gastos de persoal subiron en 2000 un 11,13% (porcentaxe menor que o do ano anterior, e intermedio entre o crecemento dos ingresos de explotación e o do valor engadido bruto ó custo dos factores).

4) O xogo conxunto dos tres puntos anteriores levou a que os beneficios empresariais tiveran un aumento inferior no ano 2000 que no precedente (o resultado antes de impostos no 2000 medrou nun 15,03%).

5) O crecemento medio do emprego nas empresas das que se fixo un seguimento no último trienio que compoñen a mostra utilizada no capítulo de emprego do Directorio ARDÁN (7,54%) foi inferior ás porcentaxes de suba dos ingresos de explotación, do valor engadido bruto e -moi especialmente- dos beneficios empresariais (computados neste último caso polo beneficio antes de impostos).

Vistas resumidamente as liñas básicas que caracterizaron o percorrer económico-financieiro das empresas galegas que figuran no estudio de ARDÁN, entraremos a continuación nunha análise máis desagregada, nun dobre senso: desde a perspectiva dos diversos sectores empresariais e máis desde a vertente territorial, co detalle por provincias e comarcas do tecido empresarial de Galicia.

No tocante á relevancia dos grandes sectores da actividade económica, o cadro 2.15 permítenos ollar a estrutura global da actividade empresarial galega recollida en “ARDAN 2002”; cómpre subliñar que os ingresos presentan a perspectiva do volume de negocio das empresas, o valor engadido bruto o da riqueza xerada polas mesmas, e o número de empresas nos achega á maior ou menor fragmentación de cada sector.

Compróbase que os comerciantes por xunto, os fabricantes e a construción son, por esta orde, os principais por número de empresas, e que por valor engadido sobrancean moi especialmente os fabricantes e a construción (conxuntamente concentran máis da metade da xeración de valor engadido). No tocante ó sector agrario, o pequeno tamaño da maioría das explotacións agrarias, o feito de que case sempre a titularidade sexa dunha persoa física e mailo carácter cooperativo de varias das de maior tamaño fan que este sector teña un pequeno peso nesta clasificación (e en xeral en todo o Directorio ARDAN).

■ Cadro 2.15

Os grandes sectores de Galicia. 2000


	Nº empresas	%	Ingresos ⁽¹⁾	%	VEB cf. ⁽¹⁾	%
Agricultura, silvicultura e gandería	73	0,81	118,67	0,30	27,36	0,37
Pesca	219	2,43	538,71	1,38	196,51	2,69
Construcción	1.763	19,56	4.296,04	11,02	1.134,40	15,54
Detalistas	1.334	14,80	4.991,27	12,81	842,58	11,54
Fabricantes	1.811	20,10	15.364,97	39,43	2.818,02	38,60
Maioristas	2.072	22,99	9.825,92	25,21	846,07	11,59
Minería	116	1,29	430,31	1,10	209,05	2,86
Servicios	1.026	11,38	1.845,23	4,73	772,95	10,59
Transportes, comunicacións e serv. públicos	598	6,64	1.559,42	4,00	454,23	6,22
Total	9.012	100	38.970,54	100	7.301,17	100

(1) Datos en millóns de euros

Base: mostra homoxénea con datos en 1998, 1999 e 2000 de 9.012 empresas

Fonte: ARDÁN Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financiero, 10.000 empresas

Os grandes sectores polo nº de empresas



Facendo unha maior desagregación, distínguense no cadro 2.16 os 20 sectores empresariais clasificados por maior xeración de valor engadido, que permiten estudar mellor a estrutura sectorial (se é moi concentrada ou moi espallada, etc.) tendo en conta as tres variables que alí se presentan. Así, por exemplo, algúns sectores deste ranking -como o do automóbil ou o de taboleiros de madeira- están moi concentrados nunhas poucas empresas, mentres que ocorre o contrario en sectores como: contratistas xerais, promotores de obras, peixes e mariscos ou materiais diversos para a construción.

Cadro 2.16

Principais sectores empresariais. Por Valor Engadido Bruto. Galicia. 2000

Sector	Actividade	Nº empresas	Ingresos ⁽¹⁾	VEB cf.
1. Automóbiles, carrocerías vehículos de turismo	Fabricantes	12	6.018,75	658,95
2. Contratistas xerais	Construcción	726	1.758,94	443,06
3. Confeccións en xeral	Detallistas	51	1.435,16	394,51
4. Promotores de obras	Construcción	375	1.101,25	241,55
5. Peixes	Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	195	471,10	178,84
6. Productos diversos fabricados de téxtis	Fabricantes	108	849,30	169,31
7. Construcción e reparación de buques	Fabricantes	98	607,44	141,88
8. Transporte de mercadorías por estrada	Transportes, comunic.serv. públicos	264	479,47	126,07
9. Taboleiros de madeira (aglomerados)	Fabricantes	10	605,84	114,90
10. Conservas de peixe e froitos do mar	Fabricantes	47	598,23	106,20
11. Instalacións eléctricas	Construcción	180	287,41	103,82
12. Construcións pesadas	Construcción	52	456,32	103,67
13. Peixes e mariscos	Maioresistas	281	1.684,81	101,06
14. Servicios comerciais diversos	Servicios	110	346,81	99,35
15. Pizarra e outras pedras	Minería	54	185,16	94,92
16. Confeccións para señora e nena	Maioresistas	17	1.202,59	91,49
17. Concesionarios de automóviles novos e usados	Detallistas	153	910,79	81,91
18. Tendras de mercadorías en xeral	Detallistas	37	637,19	81,03
19. Pedra traballada, mármore	Fabricantes	85	286,90	79,51
20. Materiais para a construción diversos	Maioresistas	183	663,78	73,99

(1) Datos en millóns de euros

Fonte: "Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro, e da competitividade"

O cadro 2.17 recolle, nunha visión dinámica, os dez sectores empresariais de maior crecemento absoluto do valor engadido bruto de 1998 a 2000. Destacaremos neles os seguintes aspectos:

■ O sector automobilístico foi o de maior suba absoluta do valor engadido nese bienio (seguido dos detallistas de confección e dos promotores de obras).

■ Na análise porcentual sobrancea o forte crecemento de dous sectores, que superan o 100% nese bienio: “autopistas, pontes e túneles de peaxe” e máis os “promotores de obras”.

■ **Cadro 2.17** **Sectores empresariais de maior crecemento absoluto do Valor Engadido Bruto. Galicia. 2000/1998**

Sector	Valor engadido bruto ⁽¹⁾		Diferencia 2000-1998	Taxa variación 2000/1998
	1998	2000		
1. Fabric. automóviles e carrocerías para turismos	519,60	658,95	139,35	26,82%
2. Detallistas de confeccións en xeral,	258,36	394,51	136,15	52,70%
3. Promotores de obras	118,03	241,55	123,53	104,66%
4. Contratistas xerais	322,49	443,06	120,56	37,38%
5. Autopistas, pontes e túneles de peaxe	14,06	63,45	489,39	351,42%
6. Servizos comerciais diversos	58,95	99,35	40,39	68,52%
7. Fabricantes de produtos de téxtis diversos	129,17	169,31	40,14	31,07%
8. Instalacións eléctricas	71,10	103,82	32,72	46,02%
9. Tendas de comestibles	35,16	61,69	26,53	75,46%
10. Fabricantes de recambios e pezas de motor	42,94	64,63	21,69	50,51%

(1) Datos en millóns de euros. Clasificación pola diferenza absoluta (en datos de 9.012 empresas)
Fonte: Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico Financeiro e da competitividade

No tocante ó reparto territorial, os datos de ARDÁN recollidos no cadro 2.18 reflicten a distribución empresarial por provincias: A Coruña e Pontevedra concentran no ano 2000 case o 90% dos ingresos e do valor engadido (89,06% e 88,30% respectivamente), mentres que en número de empresas a concentración resulta uns nove puntos menor (80,09%). A utilización dunha fonte alternativa que se basea en moitas máis empresas (DIRCE, do INE) leva no reparto provincial do tecido empresarial galego dese ano 2000 a un grao de concentración do número de empresas na Coruña e Pontevedra inferior que nos datos de ARDÁN (74,24% do total galego).

Distribución provincial das empresas, ingresos e valor engadido bruto. Galicia. 2000

■ **Cadro 2.18**

	Nº empresas	%	Ingresos 2000	%	VEB cf. ⁽¹⁾	%
A Coruña	3.781	41,96	16.570,48	42,52	3.401,39	46,59
Lugo	822	9,12	1.964,33	5,04	348,99	4,78
Ourense	973	10,80	2.297,43	5,90	505,58	6,92
Pontevedra	3.436	38,13	18.138,32	46,54	3.045,21	41,71
Totais	9.012	100	39.970,56	100	7.301,17	100

(1) Datos en millóns de euros
Base: mostra homoxénea con datos de 9.012 empresas
Fonte: Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

O cadro 2.19 recolle a distribución provincial dos seis sectores empresariais de máis xeración de valor engadido bruto no conxunto da economía galega, e permite ós interesados afondar na análise desde unha triple perspectiva -valor engadido, ingresos e número de empresas- .

■ Cadro 2.19

**Principais sectores empresariais segundo o VEB.
Por provincias. Galicia. 2000**

Sector	Galicia	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		Valor	% ⁽¹⁾	Valor	% ⁽¹⁾	Valor	% ⁽¹⁾	Valor	% ⁽¹⁾
1. Fabr. automóviles e carrocerías para vehículos de turismo									
Nº empresas	12	5	41,67	-	-	3	25,00	4	33,33
Ingresos	6.018,74	23,55	0,39	-	-	3,41	0,06	5.991,78	99,55
VEB cf.	658,96	3,06	0,46	-	-	0,93	0,14	654,97	99,40
2. Contratistas xerais									
Nº empresas	726	275	37,88	69	9,50	112	15,43	270	37,19
Ingresos	1.758,95	699,24	39,75	98,74	5,61	175,54	9,98	785,43	44,65
VEB cf.	443,05	161,64	36,48	24,88	5,62	43,84	9,90	212,69	48,01
3. Dtalistas confeccións en xeral									
Nº empresas	51	21	41,18	5	9,80	13	25,49	12	23,53
Ingresos	1.435,16	1.403,81	97,82	3,65	0,25	17,96	1,25	9,74	0,68
VEB cf.	394,51	387,83	98,31	1,15	0,29	3,38	0,86	2,15	0,54
4. Promotores de obras									
Nº empresas	375	183	48,80	19	5,07	38	10,13	135	36,00
Ingresos	1.101,25	740,66	67,26	34,96	3,17	45,13	4,10	280,50	25,47
VEB cf.	241,56	167,76	69,45	4,69	1,94	10,74	4,45	58,37	24,16
5. Peixes (extracción)									
Nº empresas	195	45	23,08	28	14,36	-	-	122	62,56
Ingresos	471,10	89,14	18,92	28,44	6,04	-	-	353,52	75,04
VEB cf.	178,84	33,94	18,98	15,22	8,51	-	-	129,68	72,51
6. Fabricación de produtos textis diversos									
Nº empresas	108	65	60,19	1	0,93	12	11,11	30	27,78
Ingresos	849,30	664,22	78,21	0,53	0,06	137,92	16,24	46,63	5,49
VEB cf.	169,32	105,43	62,27	0,40	0,24	47,47	28,03	16,02	9,46

Datos de Ingresos e VEB cf., en millóns de euros. A mostra do estudio fórmana 9.012 empresas

(1) A porcentaxe de participación calculouse sobre o sector galego correspondente

Fonte: Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico Financeiro e da competitividade

Os cadros 2.20 a 2.22 presentan os datos dunha distribución territorialmente máis desagregada das actividades empresariais: por comarcas; os dous primeiros dende unha perspectiva estática e o terceiro dende unha vertente dinámica.

O cadro 2.20 recolle as dez comarcas principais pola importancia da súa xeración de riqueza: as comarcas de Vigo e A Coruña concentran en 2000 un 40,70% do total de empresas estudadas (1,28 puntos por riba do ano anterior) e a súa importancia relativa no total galego é moito maior aínda en termos de ingresos (59,04%) ou de xeración de valor engadido (58,19%), cunha suba no último ano superior ós dous puntos en ambos casos.

Clasificación das comarcas por valor engadido xerado⁽¹⁾. 2000

■ Cadro 2.20

Comarcas	Empresas		Ingresos ⁽²⁾		VEB cf. ⁽²⁾	
	nº	%	euros	%	euros	%
A Coruña	1.807	20,05	9.423,10	24,20	2.130,17	29,18
Vigo	1.861	20,65	13.575,63	34,84	2.118,00	29,01
Santiago	627	6,96	2.254,13	5,78	432,12	5,92
Pontevedra	420	4,66	1.903,98	4,89	347,81	4,76
Ourense	587	6,51	1.539,80	3,95	326,75	4,48
Ferrol	335	3,72	1.335,19	3,43	269,67	3,69
O Salnés	374	4,15	879,16	2,26	180,23	2,47
Lugo	370	4,11	836,18	2,15	168,38	2,31
O Morrazo	204	2,26	536,98	1,38	130,27	1,78
A Barbanza	205	2,27	675,51	1,73	125,42	1,72
Galicia	9.012		38.970,56		7.301,17	

(1) As comarcas están configuradas de acordo co establecido pola Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia

(2) Datos en millóns de euros (en ingresos e VEB). Mostra de 9.012 empresas

Fonte: Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico Financeiro e da competitividade

■ Cadro 2.21

Estructura empresarial das 10 comarcas de maior V.E.B de Galicia.
2000

Sector	Nº empresas	%	Ingresos 2000	%	VEB cf. 2000	%
1) A CORUÑA						
1 Detallistas de confeccións en xeral	11	0,61	1.395,57	14,80	386,00	18,12
2 Promotores de obras	105	5,81	551,25	5,84	140,41	6,59
3 Maioristas de confeccións de dona e nena	2	0,11	1.183,49	12,55	89,43	4,20
2) VIGO						
1 Fabric. automóviles e carrocerías para vehíc. turismo	3	0,16	5.989,79	44,12	654,29	30,89
2 Construcción e reparación de buques	52	2,79	472,46	3,48	96,98	4,58
3 Extracción pesqueira	54	2,90	216,09	1,59	63,69	3,01
3) SANTIAGO						
1 Fabric. de taboleiros de madeira (aglomerados)	1	0,16	393,83	17,47	66,62	15,42
2 Contratistas xerais	36	5,74	136,20	6,04	22,86	5,29
3 Producción e servizos eléctricos	6	0,96	23,95	1,06	19,90	4,61
4) PONTEVEDRA						
1 Contratistas xerais	48	11,43	427,52	22,45	105,72	30,40
2 Tendras de mercadorías en xeral	8	1,90	309,97	16,28	33,73	9,70
3 Construcións pesadas	4	0,95	69,29	3,64	17,15	4,93
5) OURENSE						
1 Fabricación de produtos de téxtis diversos	10	1,70	136,49	8,86	46,97	14,37
2 Contratistas xerais	50	8,52	112,55	7,31	25,02	7,66
3 Construcións pesadas	5	0,85	95,12	6,18	16,70	5,11
6) FERROL						
1 Construcción e reparación de buques	10	2,99	42,25	3,16	18,27	6,78
2 Fundición de aceiro	2	0,60	345,81	25,90	57,47	21,31
3 Fabricación de artigos plásticos diversos	2	0,60	39,95	2,99	14,16	5,25
7) O SALNÉS						
1 Contratistas xerais	47	12,57	87,46	9,95	28,48	15,80
2 Hoteis	15	4,01	23,42	2,66	13,59	7,54
3 Fabric. de conservas de peixe e froitos do mar	11	2,94	69,89	7,95	12,43	6,89
8) LUGO						
1 Contratistas especializados diversos	5	1,35	12,24	1,46	9,37	5,56
2 Producción e servizos eléctricos	2	0,54	49,60	5,93	14,45	8,58
3 Contratistas xerais	34	9,19	40,64	4,86	9,97	5,92
9) O MORRAZO						
1 Extracción pesqueira	44	21,57	105,50	19,65	52,74	40,49
2 Construcción e reparación de buques	16	7,84	47,83	8,91	14,09	10,81
3 Cargas e descargas marítimas	3	1,47	12,18	2,27	8,03	6,17
10) A BARBANZA						
1 Fabric. de conservas de peixes e froitos do mar	9	4,39	195,91	29,00	31,86	25,40
2 Fabric. peixes e pdtos do mar frescos e conxelados	4	1,95	100,85	14,93	18,66	14,88
3 Extracción pesqueira	15	7,32	19,95	2,95	7,62	6,08

(1) Datos en millóns de euros. As porcentaxes calcúlanse sobre o total da comarca estudada. Os sectores ordénanse en función do valor engadido creado no 2000. A mostra está constituída por 9.012 empresas galegas

Fonte: Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

No cadro 2.21 podemos ve-los tres sectores empresariais máis importantes do tecido productivo de cada unha das dez comarcas de maior valor engadido bruto; ese cadro permite ós interesados nunha análise espaciadamente máis desagregada afondar no estudio do número de empresas, volume de ingresos ou valor engadido dos principais sectores do tecido productivo desas comarcas.

O cadro 2.22 explicita que, nunha visión dinámica, as comarcas da Coruña e Vigo son, obviamente, as de maior crecemento absoluto -con gran diferenza- do valor engadido bruto no bienio estudado. En valores porcentuais destacan especialmente Pontevedra, A Coruña e Ourense (as tres por riba do crecemento do 30% de 1998 a 2000).

Comarcas de maior crecemento do VEB. Galicia. 2000/1998⁽¹⁾

■ Cadro 2.22

Comarcas	1998	2000	Diferencia 2000-1998	Taxa variación 2000/1998
A Coruña	1.576,19	2.130,17	553,97	35,15
Vigo	1.702,19	2.118,00	415,82	24,43
Pontevedra	247,40	347,81	100,41	40,59
Ourense	250,52	326,75	76,23	30,43
Santiago	393,11	432,12	39,01	9,92
Lugo	129,94	168,38	38,45	29,59
O Salnés	143,94	180,23	36,29	25,21
Valdeorras	89,80	113,08	23,28	25,93
A Barbanza	103,91	125,42	21,51	20,71
Ferrol	251,31	269,67	18,36	7,30

(1) Datos en millóns de euros. Ordenación por crecemento absoluto do VEB c.f.
Fonte: Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

Respecto da clasificación estática vista antes no cadro 2.21, destaca na análise dinámica do cadro 2.22 a desaparición dunha comarca (O Morrazo) e a aparición doutra (Valdeorras) que tivo un maior dinamismo na xeración do VEB que O Morrazo no último bienio analizado.

2.4. Trazos de competitividade.

Os datos do Directorio ARDAN 2002 permítennos, como andamos a ver, ademais da perspectiva sincrónica que nos achega ó coñecemento da realidade empresarial galega no ano 2000 (por facturación, emprego, valor engadido, número de empresas, etc), unha perspectiva diacrónica, que amosa a evolución temporal dos agregados analizados e complementa a “foto fixa” que a anterior perspectiva proporciona.

Nesta perspectiva dinámica, o Directorio ARDÁN seleccionou unha mostra de 9.012 empresas porque para mante-la homoxeneidade analízanse as mesmas empresas para o período 1998-2000, seleccionadas das 10.000 que no exercicio 2000 tiveron unha facturación superior ós 378.600 euros.

Na vertente dinámica presenta gran interese o estudio dos trazos de competitividade empresarial ó longo do tempo. Ademais das empresas “gacela” ou as “de alto

rendemento" inclúense outros trazos diferenciadores vencellados con propiedades competitivas das empresas que se basean en investigacións desenvolvidas desde ARDÁN: as empresas de elevada xeración de riqueza e as de alta produtividade dos recursos humanos. Estúdiáanse tamén no Directorio ARDÁN varios trazos que non se consideran diferenciadores na competitividade empresarial -aunque poden axudar-: a empresa con certificación de calidade, a empresa exportadora ou a auditada. Os catro primeiros denomínanse no Directorio ARDÁN "cualificadores" mentres que ós outros chámanse "indicadores".

Comezaremos-lo achegamento á perspectiva dinámica do tecido productivo galego de 1998 a 2000, coma en anteriores Informes, co estudo da evolución das **empresas "gacela"** de Galicia nese período. ARDÁN contén unha sección dedicada ao seguimento destas empresas co obxectivo de que se poida comprobar separadamente o conxunto de empresas de crecemento grande e constante do seu volume de facturación (por empresa gacela enténdese en ARDÁN aquela que medra de xeito continuado durante polo menos tres anos seguidos por riba do 25% anual).

Cumpren esta condición no último trienio estudado 508 empresas, o que supón unha diminución de 61 empresas respecto do anterior estudio; este descenso pode estar relacionado co menor crecemento económico do ano 2000 respecto do anterior, pero tamén en parte motivado porque o número de empresas da mostra é menor (baixou en 22: de 9.238 a 9.012 empresas).

Como media anual os ingresos das empresas "gacela" de 1998 a 2000 medraron un 59,82%, sendo inferior o avance no ano 2000 (56,18%) que no ano anterior (63,53%).

De 1998 a 2000 case dúas de cada tres gacelas (64,29%) duplicaron -cando menos- o seu volume de negocio nese período e o 6,30% das gacelas multiplicaron por 5 ou máis os seus ingresos nese bienio.

O gran dinamismo empresarial das gacelas reflíctese tamén no campo da creación de emprego. Segundo os estudos levados a cabo sobre este tema polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, as "gacelas" -representando normalmente entre o 3 e o 4% das empresas analizadas, aunque dependendo da fase do ciclo económico se pode amplia-lo abano ate o 5 ou 6% por riba e ate o 2% por baixo- xeraron ó redor do 70% dos novos empregos no eido empresarial galego.

No cadro 2.23 presentámo-los "grandes sectores" nos que se localizan as gacelas; sobrecarga, por esta orde, a construción, os comerciantes por xunto e os fabricantes, que conxuntamente concentran o 63% das empresas (sete puntos menos que no estudio de ARDÁN do ano anterior).

No tocante ás **empresas de máis elevada xeración de riqueza**, dicir primeiramente que son aquelas que, tendo signo positivo o seu E.V.A. -siglas de "economic value added"- este fose maior de 25 millóns de pesetas (150.253.03 euros) en 1998 e subira polo menos un 10% nos tres anos do estudio (1998 a 2000).


O feito de que non se escolla no Directorio ARDÁN o valor engadido bruto para a medida da riqueza xerada polas empresas galegas neste caso senón o EVA, débese a que este último ten en conta tamén o custo dos recursos propios necesarios para o funcionamento empresarial (é dicir: desconta do resultado empresarial deducidos os impostos o custo dos recursos -tanto propios como alleos- entre eles o custo de oportunidade dos recursos propios).

Distribución sectorial das empresas gacela. Galicia. 2000-1998

■ Cadro 2.23

Gran sector	Nº empresas	%
Construcción	122	24,0
Maioristas	104	20,5
Fabricantes	94	18,5
Servicios	70	13,8
Detallistas	51	10,0
Transportes, comunicacións e servicios públicos	38	7,5
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	19	3,7
Minería	10	2,0
Total	508	100

Fonte: ARDÁN Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade



Cumpren as condicións antes sinaladas 60 empresas (7 menos que no ano anterior). Case dous tercios delas concéntranse -como se ollan no cadro 2.24- en dous sectores: os fabricantes (dentro do que sobrancean os de recambios e pezas de motor; de transformación de produtos do mar e de estruturas de madeira) e a construción.

Distribución sectorial das empresas de elevada xeración de riqueza. Galicia. 2000/1998

■ Cadro 2.24

Gran sector	Nº empresas	%
Fabricantes	26	43,3
Construcción	13	21,7
Maioristas	5	8,3
Detallistas	5	8,3
Servicios	5	8,3
Transportes, comunicacións e servicios públicos	4	6,7
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	1	1,7
Minería	1	1,7
Total	60	100

Fonte: Ardán Galicia, 2001. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

As **empresas de alto rendemento** son aquelas que teñen unha rendibilidade económica media non inferior ó 25% nun período de tres anos, sempre e cando en ningún ano a súa rendibilidade económica baixe do 15%. A rendibilidade económica é a relación entre o resultado económico e os activos medios empregados para a súa consecución.

Sobre a mostra homoxénea de 9.012 empresas estudadas de 1998 a 2000, un total de 253 (unha máis que no ano anterior) son consideradas en ARDÁN-2002 empresas de alto rendemento (un 2,81% do total); delas, máis da metade (52,2%) están concentradas en dous grandes sectores (servicios e fabricantes) como se ollan no cadro 2.25.

As **empresas de alta produtividade dos recursos humanos** defínense en ARDÁN como aquelas que en tres anos seguidos obteñen un valor engadido bruto por empregado que cumpre dúas condicións: está entre o 25% das mellores empresas do seu sector e medra por riba do 10% cada un dos tres anos. Hai que ter en conta que pode haber disfuncións neste cálculo debido a que o número de empregados son os que declara cada empresa, e non equivalen a empregados a tempo completo-ano (de xeito que nunha empresa de maior contratación a tempo parcial, a produtividade dos recursos humanos será -a igual xeración de valor engadido bruto- maior que noutra na que teña máis peso a contratación a tempo completo, anque isto non se detecte aquí).

Distribución sectorial das empresas de alto rendemento. Galicia. 2000-1990

■ Cadro 2.25

Gran sector	Nº empresas	%
Servicios	72	28,5
Fabricantes	60	23,7
Maioristas	33	13,0
Construcción	28	11,1
Detallistas	21	8,3
Transportes, comunicacións e servicios públicos	21	8,3
Minería	10	4,0
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	8	3,2
Total	253	100

Fonte: Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

Só un 0,82% das 9.012 empresas estudadas (120 empresas, 9 menos que no ano anterior) considéranse de alta produtividade dos recursos humanos; delas, case a metade (46,60%) pertencen á construción ou á fabricación (ver cadro 2.26).

Distribución sectorial das empresas de alta produtividade de recursos humanos. Galicia. 2000/1998

■ Cadro 2.26

Gran sector	Nº empresas	%
Construcción	28	23,3
Fabricantes	28	23,3
Maioristas	24	20,0
Servicios	13	10,8
Transportes, comunicacións e servicios públicos	12	10,0
Detallistas	9	7,5
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	6	5,0
Total	120	100

Fonte: Ardán Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

No tocante ás empresas galegas con certificación da calidade, partiuse dunha mostra de empresas con datos do ano 2000 e facturación superior a 378.600 euros nese exercicio. Das 389 empresas “certificadas”, máis da metade (52,4%) son da provincia de Pontevedra, mentres que conxuntamente Lugo e Ourense teñen tan só un 10% do total. O cadro 2.27 amosa que case a metade das empresas con certificación de calidade detectadas nesa mostra de Galicia (48,1%) son do sector de fabricación.

Distribución sectorial das empresas con certificación de calidade Galicia. 2000/1998

■ Cadro 2.27

Gran sector	Nº empresas	%
Fabricantes	187	48,1
Maioristas	55	14,1
Construcción	54	13,9
Transportes, comunicacións e servicios públicos	52	13,4
Servicios	21	5,4
Detallistas	15	3,9
Minería	4	1,0
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	1	0,3
Total	389	100

Fonte: ARDÁN Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

2.5. Xeración de emprego

Tamén figuran datos no ARDÁN 2002 que reflicten a evolución anual do emprego de 1998 a 2000 daquelas empresas que ademais de estar na súa base de datos declaran o número de empregados para tódolos anos do trienio analizado.

O cadro 2.28 amosa a distribución do emprego por estrato de empregados e número de empresas; téñase en conta á hora de extraer conclusións que, dado que tódalas empresas deste Directorio superan os 378.600 euros de facturación, hai, lóxicamente, unha clara tendencia a sub-representar ás empresas de poucos asalariados, en relación con outras fontes utilizadas no comezo deste mesmo capítulo - coma o DIRCE ou os datos da Seguridade Social-. O 78,52% do emprego concéntrase no 31,32% de empresas que teñen 20 ou máis empregados e máis do 90% de empregos (92,61%) nas empresas de máis de 10 traballadores.

■ Cadro 2.28

**Estructura do emprego ⁽¹⁾
Galicia. 2000/1998**

Empregados por empresa	Empresas						Empregados					
	1998	%	1999	%	2000	%	1998	%	1999	%	2000	%
De 1 a 2	352	6,20	266	4,69	261	4,60	579	0,41	452	0,30	438	0,27
De 3 a 5	1.009	17,78	911	16,06	847	14,93	4.071	2,89	3.658	2,40	3.484	2,12
De 6 a 9	1.132	19,95	1.137	20,04	1.097	19,33	8.446	6,01	8.414	5,51	8.208	5,00
De 10 a 19	1.623	28,60	1.663	29,31	1.692	29,82	22.034	15,67	22.641	14,83	23.132	14,09
De 20 ou máis	1.558	27,46	1.697	29,91	1.777	31,32	105.502	75,02	117.455	76,96	128.870	78,52
Totais	5674	100	5.674	100	5.674	100	140.632	100	152.620	100	164.132	100

Co fin de conseguir cálculos coherentes, soamente se rivo en conta o dato do número de empregados de aquelas empresas que, ademais de declaralo na súa memoria para todos aqueles e cada un dos anos ós que se refire o estudio, ofrecían certo grao de fiabilidade (é dicir, na relación Gastos de persoal / nº de empregados rexíñanse aqueles valores que resulten incoherentes), a mostra final despois da depuración consta de 5.674 empresas para o período de análise

Fonte: ARDÁN Galicia, 2002. Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

Seguindo coa perspectiva dinámica, ofrecemos no cadro 2.29 distintas “ratios” que teñen relación co emprego nesas 5.674 empresas no último trienio analizado. Dicar primeiramente -para unha máis fácil comprensión do cadro- que os ingresos de explotación son os ingresos xerados pola actividade normal da empresa; ó dividi-los entre os empregados, obtense a primeira “ratio” do cadro, que recolle a produtividade do traballo. O valor engadido bruto ó custo dos factores é o resultado de restarlle ós ingresos de explotación os consumos de explotación e outros gastos de explotación. Os gastos de persoal inclúen os salarios e as cargas sociais; o custo medio do emprego, pola súa banda, é o resultado de dividi-los gastos de persoal entre os empregados da empresa.

“Ratios” vencelladas coa produtividade do traballo. Galicia. 2000-1998

■ Cadro 2.29

	1998	1999	2000
Ingresos explotac./empregado*	88.414,89	94.701,48	97.583,33
VEB cf./empregado*	20.747,56	22.012,27	22.834,24
Gtos. persoal/ingresos expl.	0,17	0,16	16,69
Custo medio do emprego*	14.706,77	15.421,97	16.167,23

* En euros

(1) Co fin de conseguir cálculos coherentes, soamente se tivo en conta o dato do número de empregados de aquelas empresas que, ademais de declaralo na súa memoria para todos e cada un dos anos ós que se refire o estudio, ofrecían un certo grao de fiabilidade (é dicir, na relación Gastos / nº empregados rexíñanse aqueles valores que resulten incoherentes). A mostra final despois da depuración consta de 5.674 empresas para o período de análise

Fonte: ARDÁN Galicia, 2002, Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

Obsérvase que tres dos índices -os ingresos por empregado, o valor engadido por empregado e o custo medio do emprego- teñen unha tendencia crecente nese período, mentres que está practicamente estable a porcentaxe que representan os gastos de persoal sobre os ingresos de explotación.

Seguindo coa mesma mostra de empresas, podemos achegarnos ao emprego total en cada ano e máis ás taxas de crecemento anual -de 1998 a 2000- dos vinte sectores empresariais que xeraron no último ano estudado un maior emprego en termos absolutos. O cadro 2.30 reflicte que:

■ Cadro 2.30

Sectores con maior crecemento absoluto de emprego. Galicia. 2000-1999

Sector	Empregados			Taxa crecemento
	1999	2000	Diferencia 00-99	00/99
1. Detallistas de confeccións en xeral	7.569	9.641	2.072	27,37
2. Fabric. automób. carroc. para vehíc. turis.	10.274	11.914	1.640	15,96
3. Tendas de mercadorías en xeral	2.548	3.153	605	23,74
4. Tendas de comestibles	2.710	3.266	556	20,52
5. Conservas de peixe e froitos do mar	3.052	3.556	504	16,51
6. Servicios comerciais	1.597	2.024	427	26,74
7. Productos fabricados de téxtis	3.901	4.233	332	8,51
8. Contratistas xerais	11.574	11.900	326	2,82
9. Laboratorios para probas comerciais	959	1.243	284	29,61
10. Transporte de mercadorías por estrada	2.778	3.029	251	9,04
11. Instalacións eléctricas	2.914	3.157	243	8,34
12. Promotores de obras	1.146	1.335	189	16,49
13. Fabricación de recambios e pezas motor	760	937	177	23,29
14. Pedra traballada, mármore	1.817	1.990	173	9,52
15. Oficinas técnicas enxenería e arquitect.	761	920	159	20,89
16. Fabricados de planchas metal(calderería)	662	818	156	23,56
17. Traballos de carpintería metálica	1.557	1.707	150	9,63
18. Programación de ordenadores	212	362	150	70,75
19. Maioristas de comest. prod. relacionados	1.720	1.864	144	8,37
20. Outros servizos de comunicación	291	428	137	47,08

(1) Co fin de conseguir cálculos coherentes, soamente se tivo en conta o dato do número de empregados daquelas empresas que, ademais de declaralo na súa memoria para todos e cada un dos anos a que se refire o estudo, ofrecían certo grao de fiabilidade (é dicir, na relación Gastos de persoal / nº empregados rexéitanse aqueles valores que resulten incoherentes). A mostra final despois da depuración consta de 5.674 empresas para o período de análise.
Fonte: ARDÁN Galicia, 2002, Directorio e Informe Económico-Financeiro e da competitividade

■ No ano 2000 destacaron pola súa creación de emprego en termos absolutos (con máis de 1.000 novos empregos netos cada un) dous sectores: detallistas de confección e fabricación de automóbiles ou carrocería para vehículos. Pola suba porcentual de creación de emprego nese ano sobrancearon moi especialmente o sector de programación de ordenadores (70,75%) e o de “outros servizos de comunicación” (47,08%).

■ No conxunto das 5.674 empresas analizadas, a porcentaxe de crecemento do emprego no ano 2000 (7,54%) foi inferior á do ano anterior (8’52%).

2.6. Análise de enquisas industriais e de opinións empresariais

Neste epígrafe referirémonos, primeiramente, ós últimos datos que sobre o noso sector industrial figuran en diversas Enquisas Industriais (de Empresas e mais de Productos) que nos últimos anos ven realizando o INE; despois achegarémonos á posición galega nas enquisas sobre investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico e máis sobre innovación tecnolóxica nas empresas (ámbalas dúas tamén do INE) e por último analizaremos a situación das empresas industriais galegas nunha perspectiva conxuntural, segundo a enquisa de opinións empresariais.

2.6.1. Enquisas industriais de empresas e de productos

A Enquisa Industrial de Empresas proporciona unha información interesante para o estudio das características dos distintos sectores da actividade industrial -nos niveis estatal e autonómico- e intégrase no proxecto europeo de estatísticas estruturais ás empresas.

No cadro 2.31 podemos ver que nas cinco variables analizadas o peso relativo de Galicia sobre o total estatal no ano 2000 estivo no intervalo do 5% ó 6,3%, sendo o máis baixo o de gastos de persoal e os máis altos os de cifra de negocios e gastos de explotación (pero sempre menor co peso relativo de Galicia no total estatal en poboación). Agás nos gastos de persoal, esas variables quedan algo por riba do nivel que acada o noso PIB no conxunto do Estado.

■ Cadro 2.31

Evolución do peso de Galicia no total estatal nas principais variables da industria. 1995-2000

	Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios	Gastos de persoal	Gastos de explotación
1995	5,6	5,6	5,6	4,8	5,4
1996	5,6	5,6	5,5	4,9	5,4
1997	5,8	5,7	5,5	4,9	5,6
1998	6,1	6,1	5,7	5,1	5,8
1999	5,8	5,9	6,1	5,0	6,1
2000	5,8	6,1	6,3	5,0	6,3

Elaboración propia

(1) Datos en porcentaxe de Galicia sobre o total de España

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Empresas)

Ese mesmo cadro permite unha visión dinámica do peso de Galicia no total estatal nesas cinco variables da industria de 1995 a 2000. Subliñaremos os seguintes aspectos:

■ No último ano sobe a importancia relativa de Galicia no conxunto estatal en tres variables (horas traballadas, cifra de negocios e gastos de explotación) e mantense constante nas outras dúas. Os gastos de persoal (que representan un 5%) son a única variable que non se move ó redor do 6% do total estatal.

■ Na análise comparativa dos datos de 1995 e 2000 aumenta a participación galega no total español nas cinco variables, facéndoo con especial intensidade nos gastos de explotación e máis na cifra de negocios.

A Enquisa Industrial de Productos, pola súa banda, proporciona datos desde 1993, ano no que comeza España o proceso de adaptación ó Regulamento PRODCOM (PRODUcción COMunitaria) relativo á harmonización das estatísticas sobre a produción industrial nos países da UE; inclúe unha lista de produtos industriais de xeito harmonizado coa clasificación que se fai a efectos de comercio exterior na UE (para facilita-la comparación de datos de produción industrial cos obtidos nas estatísticas de comercio exterior). Cómpre non esquecer á hora de extraer conclusións dos datos que a lista de produtos PRODCOM non inclúe, por exemplo, a extracción de carbón, o refinado de petróleo ou a produción e distribución de electricidade -actividades certamente importantes no tecido industrial galego-.

No cadro 2.32 presentámo-la desagregación por agrupacións de actividade industrial das cinco variables anteriormente citadas no ano 2000, que permite ás persoas interesadas afondar no estudio do sector industrial galego.

■ Cadro 2.32

**A industria galega. Principais variables⁽¹⁾.
Por agrupacións de actividade. 2000**

	Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios	Gastos de persoal	Gastos de explotación
Industrias extractivas, enerxía e auga	8.959	15.447	709.728	48.669	604.324
Alimentación, bebidas e tabaco	25.238	44.835	715.772	70.401	682.041
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	23.187	42.699	310.316	45.065	297.054
Madeira e cortiza	12.323	22.159	230.474	30.677	223.057
Papel, edición e artes gráficas	5.989	10.801	131.667	23.354	110.175
Industria química	2.670	4.772	121.409	14.719	112.578
Caucho e materias plásticas	4.378	7.795	90.659	14.659	85.320
Productos minerais non metálicos diversos	13.456	24.184	184.108	39.535	175.362
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	18.561	32.947	422.429	64.380	376.214
Maquinaria e equipo mecánico	6.127	10.855	76.371	22.104	74.127
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	5.199	9.454	117.320	18.825	109.408
Material de transporte	26.476	45.985	1.260.626	126.575	1.264.089
Industrias manufactureiras diversas	4.809	8.639	41.888	11.598	38.355
Total industria galega	157.372	280.572	4.412.767	530.561	4.152.104

Elaboración propia

(1) En millóns de pesetas as tres últimas variables; en miles as horas traballadas

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Empresas)

A visión dinámica a longo prazo da participación galega na produción comercializada -da lista de produtos PRODCOM- no conxunto do Estado figura no cadro 2.33; coa suba continuada do último trienio (a un ritmo de tres décimas por ano) Galicia obtén a maior porcentaxe da serie.

**Evolución do peso de Galicia no total estatal da produción
comercializada⁽¹⁾. 1995-2000**

■ **Cadro 2.33**

	% Galicia / España
1993	5,8
1994	5,6
1995	5,2
1996	5,3
1997	5,2
1998	5,5
1999	5,8
2000	6,1

Elaboración propia

(1) Lista de productos PRODCOM (PRODucción COMunitaria)

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Productos)

O cadro 2.34 amosa máis polo miúdo a composición interna desa produción comercializada, xa que permite a desagregación por sectores industriais concretos da participación de Galicia no total de España. Dous deles seguen a destacar moi especialmente no ano 2000 na nosa comunidade: madeira-cortiza (17,2%) e material de transporte (12,2%); se en cambio analizámo-los sectores da industria galega de menor peso en relación có total estatal -lembrando que só entran no cómputo os do listado PRODCOM- vese que os tres a destacar son: coiro-calzado (0,4%), maquinaria e equipo, óptica e similares (2,1%) e outras industrias manufactureiras (2,2%).

Sectorización por grandes agrupacións. % Galicia/España. 1999-2000

■ **Cadro 2.34**

CNAE		1999	2000
		%	%
15-16	Alimentación, bebidas e tabaco	6,3	6,5
17-18	Téxtil e confección	6,6	7,1
19	Coiro e calzado	0,4	0,4
20	Madeira e cortiza	17,3	17,2
21-22	Papel, artes gráficas e edición	2,6	2,8
23.2-24	Refino de petróleo e químicas	3,5	3,8
25	Manufacturas de caucho e plástico	4,1	4,1
26	Productos minerais non metálicos	4,8	4,6
27	Producción, 1ª transformación e fundición de metais	6,9	7,1
28	Productos metálicos	4,1	4,3
29-30-33	Maquinaria e equipo, óptica e similares	2,3	2,1
31-32	Material eléctrico e electrónico	4,1	3,8
34-35	Material de transporte	10,9	12,2
36	Otras industrias manufactureiras	2,1	2,2
Total Industria		5,8	6,1

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Productos)


No cadro 2.35 conséntase que dous sectores (material de transporte e alimentación, bebidas e tabaco) concentran máis da metade do valor da produción comercializada de Galicia (52,2%) dos produtos da lista PRODCOM.

■ Cadro 2.35

Valor da produción comercializada. Por grandes agrupacións. Galicia. 2000

CNAE		Millóns pta	%
15-16	Alimentación, bebidas e tabaco	551.761	18,9
17-18	Téxtil e confección	153.101	5,2
19	Coiro e calzado	2.686	0,1
20	Madeira e cortiza	149.633	5,1
21-22	Papel, artes gráficas e edición	82.848	2,8
23.2-24	Refino de petróleo e químicas	261.871	9,0
25	Manufacturas de caucho e plástico	80.386	2,8
26	Productos minerais non metálicos	130.553	4,5
27	Producción, 1ª transformación e fundición de metais	199.915	6,8
28	Productos metálicos	130.901	4,5
29-30-33	Maquinaria e equipo, óptica e similares	78.887	2,7
31-32	Material eléctrico e electrónico	89.686	3,1
34-35	Material de transporte	973.136	33,3
36	Outras industrias manufactureiras	33.184	1,1
Total Galicia		2.918,549	100,0

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Productos)



2.6.2. Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I + D)

A investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico (I+D) abrangue un conxunto de traballos de carácter creativo emprendidos co fin de incrementalos coñecementos nunha rama ou actividade determinada, así como a aplicabilidade desa suma de coñecementos á mellora dos xa existentes. Sen dúbidas é un factor clave á hora de posibilita-la converxencia real cos países máis desenvolvidos, que

como veremos neste mesmo apartado presentan valores moi por riba dos existentes en España (e especialmente dos de Galicia).

O cadro 2.36 permítenos unha visión por comunidades autónomas para o ano 2000 dos gastos internos totais e máis do persoal -subdividido en total e en investigadores-. Apréciase que o gasto interno total de Galicia (3,7% do total estatal) está moi por baixo da porcentaxe que lle correspondería pola poboación ou polo PIB no total español; no tocante ó total de persoal e ó persoal investigador, Galicia mellora a porcentaxe do gasto en I+D, especialmente no tocante ó persoal investigador -aínda quedando por baixo do peso relativo poboacional ou de xeración de riqueza de Galicia en España- .

■ Cadro 2.36

**Gastos internos totais e persoal en I + D.
Por comunidades autónomas. 2000**

	Gastos internos totais		Persoal en equivalencia a dedicación plena (EDP)			
	Miles de euros	%	Total persoal (EDP)		Investigadores (EDP)	
				%		%
Andalucía	542.156	9,5	13.457,0	11,2	9.209,8	12,0
Aragón	134.169	2,3	3.272,7	2,7	1.948,0	2,5
Asturias	114.586	2,0	2.889,0	2,4	2.105,5	2,7
Baleares	34.853	0,6	571,1	0,5	438,8	0,6
Canarias	119.432	2,1	3.042,9	2,5	2.379,9	3,1
Cantabria	35.942	0,6	812,2	0,7	569,6	0,7
C. León	222.811	3,9	5.475,1	4,5	3.992,2	5,2
C. A Mancha	118.578	2,1	1.972,9	1,6	1.070,2	1,4
Cataluña	1.262.168	22,1	25.107,1	20,8	14.811,9	19,3
C. Valenciana	430.512	7,5	10.223,7	8,5	6.122,2	8,0
Extremadura	56.537	1,0	1.520,7	1,3	1.163,2	1,5
Galicia	209.457	3,7	5.666,7	4,7	3.981,9	5,2
Madrid	1.751.983	30,6	33.766,2	28,0	20.715,4	27,0
Murcia	104.216	1,8	1.875,1	1,6	1.184,8	1,5
Navarra	94.595	1,7	2.062,8	1,7	1.600,9	2,1
País Vasco	459.617	8,0	8.354,2	6,9	5.038,6	6,6
A Ríoxa	27.377	0,5	548,5	0,5	337,0	0,4
España	5.718.988	100	120.617,9	100	76.669,6	100

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico)

A alta concentración espacial do gasto interno total nas actividades de I+D en dúas comunidades autónomas evidénciase ó constatar que Cataluña e Madrid representan máis da metade (o 52,7%) do total estatal. No total de persoal o seu peso conxunto é algo inferior á metade do conxunto de España (48,8%), e no persoal investigador acada o 46,3%.

O cadro 2.37 permítenos face-lo seguimento da evolución na década dos noventa do gasto en I+D en Galicia e máis España. Anque a suba relativa da primeira metade desa década foi moi superior en Galicia que no total estatal (e permitiulle a Galicia pasar do 2,26% de 1991 ó 3,33% de 1995 no total español), estancouse desde entón ó redor desa porcentaxe ata o ano 2000, no que subiu catro décimas e quedou co valor máis alto da década.

Evolución dos gastos internos en I+D. % Galicia/España. 1991-2000

■ Cadro 2.37

1991	2,26
1992	3,11
1993	2,79
1994	2,57
1995	3,33
1996	3,20
1997	3,52
1998	3,24
1999	3,30
2000	3,70

Elaboración propia

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

A desagregación sectorial do gasto relativo en I+D no último trienio en Galicia e España podemos velo no cadro 2.38; nel vese o baixísimo peso en Galicia (en relación co total estatal) nas empresas e máis nas institucións privadas sen fins de lucro, mentres que as maiores porcentaxes relativas tenas Galicia no ensino superior e na Administración Pública (por esta orde). O gasto executado polas empresas en Galicia en I+D queda no ano 2000 no 32,09%, mentres que a media estatal está no 53,66% e a da UE no 66,5%.

Gastos por sectores en I+D. Galicia e España. 2000

■ Cadro 2.38

	Galicia ⁽¹⁾	España ⁽¹⁾	% Galicia/España
1) Empresas	67,2	3.069,0	2,2
2) Administración pública	35,9	904,8	4,0
3) Ensino superior	105,2	1.693,9	6,2
4) Institucións privadas sen fins lucrativos	1,1	51,3	2,1
Total	209,4	5.719,0	3,7

(1) En millóns de euros

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

Para permitir ás persoas interesadas afondar nesa distribución sectorial do gasto en I+D presentamos os cadros 2.39 e 2.40. No primeiro recollémo-la participación porcentual de Galicia no gasto total en I+D estatal nos diversos sectores para o último cuatrienio. No cadro 2.40 presentámo-los datos do gasto en I+D e máis do persoal empregado en I+D no sector empresarial nas diversas comunidades autónomas no ano 2000.

Porcentaxe de gasto en I+D. Por sectores. Galicia/España. 1997-2000

■ Cadro 2.39

	1997	1998	1999	2000
1) Empresas	1,9	2,0	1,9	2,2
2) Administración pública	4,3	3,8	3,7	4,0
3) Ensino superior	5,7	5,2	5,6	6,2
4) Institucións privadas sen fins lucrativos	0,2	0,1	0,1	2,1
Total	3,5	3,2	3,3	3,7

Elaboración propia.

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

■ Cadro 2.40

Gastos e persoal en I+D no sector empresas.
Por comunidades autónomas. 2000

	Gastos en I+D		Persoal en I+D			
	Miles de euros	%	Total	Investigadores	Técnicos	Auxiliares
Andalucía	177.431,0	5,8	3.576,1	1.519,5	1.305,0	751,7
Aragón	75.725,0	2,5	1.689,3	658,6	680,7	350,1
Asturias	56.352,0	1,8	732,8	263,4	263,0	206,5
Baleares	4.274,0	0,1	16,4	9,3	4,4	2,7
Canarias	25.594,0	0,8	293,3	58,7	188,9	45,5
Cantabria	8.993,0	0,3	173,3	37,0	84,4	51,9
C. León	92.347,0	3,0	1.306,5	570,5	394,0	342,0
C. A Mancha	76.478,0	2,5	868,3	425,5	274,5	168,3
Cataluña	850.192,0	27,7	12.408,6	5.046,2	4.327,0	3.035,5
C. Valenciana	181.831,0	5,9	3.984,4	1.634,0	1.289,8	1.060,7
Extremadura	14.946,0	0,5	260,5	127,8	80,9	51,9
Galicia	67.230,0	2,2	1.216,4	388,8	540,3	287,4
Madrid	954.488,0	31,1	13.278,6	6.739,0	4.897,4	1.642,1
Murcia	45.165,0	1,5	494,3	138,8	214,3	141,3
Navarra	61.814,0	2,0	738,2	389,3	259,1	89,9
País Vasco	359.375,0	11,7	5.800,6	2.806,4	2.115,1	879,1
A Ríoxa	16.761,0	0,5	218,1	56,8	120,9	40,4
España	3.068.994,0	100,0	47.055,4	20.869,3	17.039,3	9.146,7

Elaboración propia

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

Somos conscientes de que o valor absoluto do gasto en I+D dunha comunidade autónoma non é representativo dabondo do esforzo en investigación e desenvolvemento tecnolóxico da mesma, xa que o seu valor en relación co seu peso económico pode ser moi distinto. Por iso recolleemos no cadro 2.41 a porcentaxe do gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas de 1995 a 2000. Galicia segue ocupando no ano 2000 a duodécima posición na clasificación; o dato galego supón un 67,02% da porcentaxe media estatal, case dez puntos máis que en 1995 (57,83%). Anque reflicte unha diverxencia notable de Galicia nesta variable (un tercio por baixo da media española, moito maior que a existente en variables coma o PIB ou a renda) non debemos esquecer que no ano 2000 se deu un proceso de achegamento moi intenso (cun avance de 6,35 puntos respecto do ano anterior).

**Porcentaxe de gastos en I+D respecto ó PIB a prezos de mercado.
Por comunidades autónomas⁽¹⁾. 1996-2000**

■ **Cadro 2.41**

	1996	1997	1998	1999	2000
Andalucía	0,62	0,61	0,90	0,65	0,67
Aragón	0,57	0,52	0,68	0,74	0,71
Asturias	0,57	0,51	0,71	0,55	0,81
Baleares	0,21	0,23	0,54	0,25	0,25
Canarias	0,50	0,44	0,29	0,48	0,49
Cantabria	0,53	0,58	0,53	0,60	0,47
Catela e León	0,52	0,52	0,83	0,62	0,64
Castela A Mancha	0,40	0,51	0,52	0,33	0,57
Cataluña	0,92	0,93	0,48	1,06	1,11
Comunidade Valenciana	0,56	0,57	1,08	0,62	0,74
Extremadura	0,34	0,39	0,63	0,41	0,54
Galicia	0,48	0,52	0,43	0,54	0,63
Madrid	1,64	1,55	0,54	1,64	1,67
Murcia	0,50	0,53	1,61	0,65	0,74
Navarra	0,74	0,72	0,58	0,93	0,92
País Vasco	1,23	1,17	0,83	1,16	1,20
A Ríoxa	0,39	0,38	1,25	0,48	0,61
España	0,83	0,82	0,90	0,89	0,94

(1) Estimacións do INE baseadas no PIB da "Contabilidade Rexional de España"

Fonte: INE (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

Complementaremos este cadro a nivel internacional co 2.42, que nos permite observa-la porcentaxe de gasto en I+D en relación co PIB en Galicia e nos países da OCDE. A comparanza reflicte claramente o importante desfase dos recursos destinados a I+D en Galicia (e en España, en menor grao) en relación ás medias da UE e -sobre todo- ó conxunto da OCDE. España estaba en 1998 na metade da porcentaxe media da UE e no 40,36% da media da OCDE polo gasto en I+D en relación co PIB. Nese mesmo ano esas porcentaxes eran para Galicia do 29,83% e do 24,21% respectivamente, polo que a nosa diverxencia nesta importante variable coas medias da UE ou da OCDE superaba o 70%. A falla dos datos dos anos seguintes para a UE ou a OCDE nesta fonte impídenos avalía-la posición relativa de Galicia ou España no último bienio, pero as persoas interesadas poden face-la comparanza da evolución con respecto a algúns estados concretos dos que si se dispoñen de datos nesa fonte estatística.

**Porcentaxe de gastos en I+D respecto do PIB a prezos de mercado
nos estados da OCDE e en Galicia. 1998-2000.**

■ **Cadro 2.42**

	Gastos internos totais x 100 PIB Prezos de mercado		
	1998	1999	2000
Australia	-	-	-
Austria	1,63	1,63	1,77
Bélxica	-	-	-
Canadá	1,64	1,61	1,66
República Checa	1,26	-	-
Dinamarca	1,92	2,00	-
Finlandia	2,90	3,11	3,36
Francia	2,18	-	-
Alemaña	2,29	-	2,46
Grecia	-	-	-
Hungría	0,68	-	-
Islandia	2,01	1,82	-
Irlanda	-	-	-
Italia	1,02	1,05	-
Xapón	3,06	-	-
Corea do Sur	2,92	-	-
México	-	-	-
Países Baixos	-	-	-
Nova Zelandia	-	-	-
Noruega	-	1,75	-
Polonia	0,73	-	-
Portugal	-	-	-
España (*)	0,90	0,89	0,94
Galicia (*)	0,54	0,54	0,63
Suecia	-	-	-
Suíza	-	-	-
Turquía	-	-	-
Reino Unido	1,83	-	-
Estados Unidos	2,74	2,84	-
OCDE	2,23	-	-
América do Norte	2,31	2,38	-
UE	1,81	-	-
Países Nórdicos	-	-	-

Elaboración propia

Fonte: OCDE. Base de datos MSTI. Maio 2001

(*) Fonte: INE

2.6.3 Innovación tecnolóxica nas empresas

A innovación tecnolóxica é un factor cada día máis importante de cara a conquistala competitividade empresarial e unha fonte fundamental propiciatoria do cambio na economía dos estados modernos. O concepto de innovación tecnolóxica abrangue un amplo conxunto da actividade empresarial (actividades de I+D, adquisición de maquinaria, adquisición de tecnoloxía inmaterial e software, gastos en deseño, etc).

Dado que o transcendental para o desenvolvemento do tecido productivo dun país non é só que recursos (humanos ou dinerarios) se dediquen ás actividades de I+D senón que boa parte dos mesmos se aproveiten para as actividades productivas, cada vez máis se están potenciando Oficinas de Transferencia de Resultados da Investigación (como as das Universidades galegas ou do CSIC) e “clusters” que leven a empresas dun mesmo sector a desenvolver proxectos conxuntos de desenvolvemento tecnolóxico.

En definitiva, que cada día é máis importante a I+D+I, e precisamente para o seu potenciamento púxose en marcha no ano 2000 en Galicia un programa piloto denominado: *Plan integral de implantación da innovación na peme galega*, promovido pola Confederación de Empresarios de Galicia e o Centro de Innovación e Transferencia Tecnolóxica da Universidade de Santiago, coa cofinanciación da Xunta de Galicia (ó traveso da Secretaría de I+D).

Como continuación do mesmo, desenvolveuse no ano 2001 en Galicia o Programa de Fomento da I+D+I en Pemes (Idipeme-2001), ó que solicitaron acollerse máis de 130 pequenas e medianas empresas galegas. Este programa enxértase nun dos eixes prioritarios do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, como mecanismo de darlle pulo ás medidas que axuden ó artellamento do sistema: Ciencia-Tecnoloxía-Empresa; entre os principais fins deste programa están o de identificar ideas empresariais susceptibles de transformarse en proxectos de I+D ou innovación nun prazo curto e máis o de transferir coñecementos e habilidades ás empresas para a xestión dos proxectos, así como prestarlles asistencia técnica para a súa posta en marcha.

O INE elabora bienalmente a enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas. Na do ano 2000 recolle, por vez primeira, información sobre o proceso de innovación na construción e nos servizos, ademais das empresas industriais (que son as que adoitaba recoller). A diferenza das anteriores enquisas, o obxecto do estudo son as empresas de dez ou máis asalariados.

Nos cadros 2.43 e 2.44 presentamos para as distintas ramas de actividade da economía española as empresas innovadores e a intensidade da innovación (que é a porcentaxe do gasto en innovación respecto da cifra de negocios) e do I+D desde unha dobre perspectiva: número de empresas e gasto en innovación.

Empresas innovadoras. Por ramas de actividad. España. 2000

■ Cadro 2.43

Rama de actividade	Empresas innovadoras		Intensidade en	
	Total	%	Innovación	I+D
Extractivas	168	21,10	0,94	0,14
Alimentación, bebidas e tabaco	2.169	39,16	1,10	0,13
Textís	705	31,88	1,83	0,41
Confección e peletería	600	19,62	1,49	0,43
Coiro e calzado	457	26,52	0,61	0,22
Madeira e cortiza (agás mobles)	800	34,66	2,07	0,13
Cartón e papel	240	27,22	2,02	0,17
Edición, impresión e reprodución	1.070	39,10	2,82	0,11
Coque, petróleo e combustible nuclear	10	62,50	0,19	0,09
Química (agás farmacia)	684	52,04	1,38	0,66
Farmacia	151	57,91	3,99	2,29
Caucho e plástico	864	43,58	1,91	0,40
Minerais non metálicos	1.099	32,79	1,82	0,23
Metais férreos	170	37,55	1,95	0,20
Metais non férreos	91	34,79	1,24	0,20
Manufactoras metálicas	1.966	29,53	1,72	0,20
Maquinaria e equipo mecánico	1.533	43,78	2,60	1,01
Máq. De oficina, cálculo e ordenadores	33	58,57	1,57	0,94
Máquinas eléctricas	521	43,78	2,15	1,04
Compoñentes electrónicos	94	47,15	3,26	1,69
Aparatos de radio, TV e comunicación	118	68,96	4,91	3,88
Instrumentos, óptica e relojería	305	55,05	3,50	2,04
Automóviles	391	44,98	1,86	0,36
Naval	116	26,33	2,75	1,87
Aeroespacial	15	42,59	23,50	7,26
Outro material de transporte	52	43,37	2,77	1,40
Mobles	1.072	35,27	2,09	0,19
Outras manufacturas	278	35,41	2,22	0,48
Reciclaxe	27	34,97	1,21	0,36
Electricidade, gas e auga	119	28,53	0,41	0,07
Construcción	2.687	9,44	0,30	0,03
Comercio e hostalería	5.246	12,86	0,14	0,01
Transportes e almacenamento	1.143	17,14	0,41	0,02
Correos e telecomunicacións	180	20,63	3,09	1,14
Intermediación financeira	523	46,36	0,23	0,02
Programas de ordenador	458	57,21	5,00	2,68
Outras actividades informáticas	260	46,79	6,52	3,43
Servicios de I+D	110	70,73	62,21	56,48
Servicios a empresas	1.621	11,80	0,47	0,17
Servicios públicos, sociais e colectivos	1.083	12,17	0,60	0,05
Total	29.229	19,77	0,93	0,28

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

Gastos en innovación. Por ramas de actividade. España. 2000
■ Cadro 2.44

Rama de actividade	Empresas innovadoras		Intensidade en	
	Total	%	Innovación	I+D
Extractivas	32.499	21,45	78,55	2,16
Alimentación, bebidas e tabaco	701.949	18,01	81,99	8,45
Textís	158.351	31,88	68,13	12,19
Confección e peletería	108.834	36,55	63,44	7,23
Coiro e calzado	23.772	40,60	59,41	15,68
Madeira e cortiza (agás mobles)	138.623	18,44	81,56	5,26
Cartón e papel	198.656	10,42	89,59	7,75
Edición, impresión e reprodución	345.360	9,48	90,52	7,24
Coque, petróleo e combustible nuclear	45.436	74,22	25,78	5,59
Química (agás farmacia)	324.622	54,71	45,30	11,88
Farmacia	406.521	73,11	26,89	14,61
Caucho e plástico	238.484	36,67	63,34	12,02
Minerais non metálicos	417.053	21,45	78,56	9,72
Metais férreos	241.149	16,75	83,25	14,16
Metais non férreos	75.767	28,53	71,47	9,81
Manufacturas metálicas	386.306	21,97	78,03	7,47
Maquinaria e equipo mecánico	411.042	51,72	48,28	18,09
Máq. De oficina, cálculo e ordenadores	43.719	73,51	26,48	37,68
Máquinas eléctricas	245.423	59,60	40,41	18,45
Compoñentes electrónicos	70.871	57,85	42,14	25,80
Aparatos de radio, TV e comunicación	305.888	89,12	10,88	46,69
Instrumentos, óptica e relojería	101.557	67,84	32,16	23,96
Automóviles	1.018.576	44,91	55,09	50,45
Naval	95.770	81,06	18,94	23,72
Aeroespacial	438.661	45,50	54,51	25,09
Outro material de transporte	62.580	73,54	26,46	36,93
Mobles	162.280	25,04	74,96	15,44
Outras manufacturas	50.771	44,58	55,43	22,68
Reciclaxe	5.391	33,14	66,86	10,65
Electricidade, gas e auga	82.098	38,84	61,16	1,34
Construcción	292.534	28,28	71,73	1,90
Comercio e hostalería	353.901	8,92	91,08	3,18
Transportes e almacenamento	238.578	16,08	83,93	5,65
Correos e telecomunicacións	393.333	39,41	60,60	64,68
Intermediación financeira	363.829	27,60	72,40	26,74
Programas de ordenador	293.586	66,58	33,41	27,43
Outras actividades informáticas	146.354	68,33	31,66	15,23
Servicios de I+D	512.027	95,55	4,44	37,05
Servicios a empresas	426.888	45,44	54,55	2,30
Servicios públicos, sociais e colectivos	215.220	16,12	83,88	4,70
Total	10.174.259	41,45	58,56	12,36

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

As empresas españolas, no seu conxunto, destinaron 10.174 millóns de euros á innovación tecnolóxica no ano 2000 (un 1,67% do PIB); as empresas innovadoras supoñen o 19,77% do total e a intensidade en innovación foi do 0,93%. A rama de actividade que máis inverteu en innovación foi a automobilística: 10,01% do gasto total das empresas españolas; a menor diversificación do tecido productivo galego no gasto en innovación constátase co dato de que esa mesma rama de actividade concentra máis da metade do gasto total de Galicia en innovación tecnolóxica (51,44%).

A distribución por comunidades autónomas do gasto en innovación tecnolóxica aparece recollida no cadro 2.45. Vese nel que Galicia representa só un 4,12% do total estatal (na anterior enquisa era un 5,03%) e ocupa a sétima posición da clasificación. As empresas de 250 ou máis empregados supoñen case dous de cada tres euros (63,09%) do gastado polo total das empresas. Cataluña (27,04%) e Madrid (25,92%) concentran máis da metade do gasto en innovación tecnolóxica das empresas españolas (52,96%).

Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000

■ Cadro 2.45

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto
Andalucía	342.674	291.382	634.056
Aragón	159.295	329.802	489.097
Asturias	62.340	91.219	153.559
Baleares	28.788	15.498	44.286
Canarias	82.877	28.974	111.851
Cantabria	71.870	46.590	118.460
C. León	196.598	194.729	391.327
C. A Mancha	172.051	82.796	254.847
Cataluña	1.297.262	1.453.841	2.751.103
C. Valenciana	562.097	246.827	808.924
Extremadura	23.011	17.849	40.860
Galicia	154.621	264.343	418.964
Madrid	906.441	1.730.538	2.636.979
Murcia	99.624	52.513	152.137
Navarra	107.116	67.149	174.265
País Vasco	552.840	370.149	922.989
A Ríoxa	44.557	25.999	70.556

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

A partir do cadro 2.46 ofrecemos a desagregación por comunidades autónomas do gasto en innovación en cada rama productiva, distinguindo entre as empresas de menos de 250 empregados e as que exceden ese limiar, para permitir ás persoas interesadas na análise máis desagregada do gasto en innovación de Galicia a súa comparanza coa das outras comunidades autónomas ou estudar que porcentaxe do gasto en innovación de Galicia se dedica a cada rama productiva.

Non produtos minerais non metálicos diversos (cadro 2.46) comprobamos que Galicia supón tan só un 0,78% do gasto estatal e que todo el se realiza nas empresas de menos de 250 empregados. Do gasto total en innovación tecnolóxica das empresas galegas, o desta rama supón só un 0,78%.

Productos minerais non metálicos diversos⁽¹⁾
Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000

■ **Cadro 2.46**

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto ⁽²⁾
Andalucía	15.400	4.371	19.771
Aragón	4.233	162	4.395
Asturias	1.209	17.021	18.230
Baleares	1.817	105	1.922
Canarias	15.048	54	15.102
Cantabria	3.282	—	3.282
C. León	32.517	8.893	41.410
C. A Mancha	24.782	2.845	27.627
Cataluña	28.929	29.505	58.434
C. Valenciana	88.959	83.825	172.784
Extremadura	487	—	487
Galicia	3.258	—	3.258
Madrid	14.055	11.929	25.984
Murcia	—	—	—
Navarra	1.861	—	1.861
País Vasco	18.300	4.069	22.369
A Ríoxa	—	137	137

(1) CNAE 26

(2) En euros

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

O cadro 2.47 explicita que un 4,78% do gasto en innovación das empresas galegas se realiza nas de metalurxia, e case todo (98,09% do total) nas empresas que teñen polo menos 250 empregados.

Metalurxia⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000

■ **Cadro 2.47**

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto
Andalucía	903	12.512	13.415
Aragón	5.430	184	5.614
Asturias	177	25.818	25.995
Baleares	—	—	—
Canarias	—	—	—
Cantabria	195	22.467	22.662
C. León	1.016	1.587	2.603
C. A Mancha	1.742	0	1.742
Cataluña	26.553	61.070	87.623
C. Valenciana	5.362	33.753	39.115
Extremadura	—	—	—
Galicia	382	19.634	20.016
Madrid	5.065	1.180	6.245
Murcia	748	—	748
Navarra	637	16.147	16.784
País Vasco	43.171	22.806	65.977
A Ríoxa	—	8.376	8.376

(1) CNAE 27

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

As manufacturas metálicas (cadro 2.48) supoñen o 5,61% do gasto empresarial galego en innovación e faise case todo (99,85%) nas empresas de menos de 250 empregados.

Manufacturas metálicas⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000

■ **Cadro 2-48**

	Menos de 250 empregados	250 e máis empregados	Total Gasto
Andalucía	8.512	1.329	9.841
Aragón	8.822	—	8.822
Asturias	12.614	122	12.736
Baleares	—	35	35
Canarias	9.931	35	9.966
Cantabria	14.031	7.151	21.182
C. León	4.976	850	5.826
C. A Mancha	8.855	—	8.855
Cataluña	88.916	9.145	98.061
C. Valenciana	25.884	238	26.122
Extremadura	—	35	35
Galicia	23.478	35	23.513
Madrid	55.973	4.323	60.296
Murcia	4.599	42	4.641
Navarra	6.555	4.631	11.186
País Vasco	55.745	21.821	77.566
A Ríoxa	7.621	—	7.621

(1) CNAE 28

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

En maquinaria e material de transporte realízase máis da metade do gasto galego en innovación tecnolóxica (51,44%), concentrado fundamentalmente -como amosa o cadro 2.49- nas empresas de 250 ou máis empregados (95,58%). Do gasto total en innovación das empresas galegas de 250 ou máis empregados, un 77,93% realízase nesta rama de actividade.

Maquinaria, material de transporte⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000
■ Cadro 2.49

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto ⁽²⁾
Andalucía	34.473	138.200	172.673
Aragón	45.126	251.030	296.156
Asturias	3.652	17.828	21.480
Baleares	6.247	—	6.247
Canarias	1.389	—	1.389
Cantabria	4.055	6.570	10.625
C. León	35.565	89.248	124.813
C. A Mancha	8.107	13.972	22.079
Cataluña	157.621	595.679	753.300
C. Valenciana	68.944	26.607	95.551
Extremadura	676	—	676
Galicia	9.521	206.003	215.524
Madrid	121.854	565.989	687.843
Murcia	22.125	8.909	31.034
Navarra	31.093	28.105	59.198
País Vasco	92.777	184.453	277.230
A Ríoxa	8.839	9.426	18.265

(1) CNAE 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35

(2) En euros

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

O cadro 2.50 reflicte que o gasto das industrias manufactureiras diversas en Galicia foi só do 1,86% do total e que se realizou todo polas empresas de menos de 250 empregados.

Industrias manufactureiras diversas⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000
■ Cadro 2.50

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto
Andalucía	11.880	1.070	12.950
Aragón	7.000	2.717	9.717
Asturias	3.139	—	3.139
Baleares	1.895	156	2.051
Canarias	2.691	—	2.691
Cantabria	546	—	546
C. León	2.744	940	3.684
C. A Mancha	21.423	60	21.483
Cataluña	49.323	6.686	56.009
C. Valenciana	41.513	4.069	45.582
Extremadura	3	—	3
Galicia	7.799	—	7.799
Madrid	13.700	2.379	16.079
Murcia	8.019	202	8.221
Navarra	12.028	—	12.028
País Vasco	6.188	2.926	9.114
A Ríoxa	1.955	—	1.955

(1) CNAE 36

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

Energía e auga⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000■ **Cadro 2.51**

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto
Andalucía	3.070	1.505	4.575
Aragón	555	—	555
Asturias	768	3.798	4.566
Baleares	—	—	—
Canarias	214	2.003	2.217
Cantabria	—	730	730
C. León	532	6.572	7.104
C. A Mancha	1.031	—	1.031
Cataluña	1.662	31.830	33.492
C. Valenciana	325	232	557
Extremadura	—	—	—
Galicia	848	—	848
Madrid	1.353	18.044	19.397
Murcia	4.599	—	4.599
Navarra	—	1.649	1.649
País Vasco	778	—	778
A Ríoxa	—	—	—

(1) CNAE 40, 41

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

Reciclaxe⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000■ **Cadro 2.52**

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto ⁽²⁾
Andalucía	—	—	—
Aragón	—	—	115
Asturias	—	—	—
Baleares	—	—	12
Canarias	—	—	—
Cantabria	—	—	—
C. León	—	—	397
C. A Mancha	—	—	—
Cataluña	—	—	2.255
C. Valenciana	—	—	303
Extremadura	—	—	—
Galicia	—	—	—
Madrid	—	—	40
Murcia	—	—	—
Navarra	—	—	—
País Vasco	—	—	2.271
A Ríoxa	—	—	—

(1) CNAE 37

(2) En euros

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

Construcción⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000

■ Cadro 2.53

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto
Andalucía	3.211	5.561	8.772
Aragón	1.207	767	1.974
Asturias	9.049	763	9.812
Baleares	2.913	—	2.913
Canarias	5.228	176	5.404
Cantabria	—	22	22
C. León	2.472	2.691	5.163
C. A Mancha	28.111	1.008	29.119
Cataluña	45.205	1.897	47.102
C. Valenciana	17.286	1.679	18.965
Extremadura	1.641	—	1.641
Galicia	10.947	2.917	13.864
Madrid	98.764	42.987	141.751
Murcia	—	81	81
Navarra	—	—	0
País Vasco	3.690	1.429	5.119
A Ríoxa	830	—	830

(1) CNAE 45

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

Comercio e hostalería⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000

■ Cadro 2.54

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto
Andalucía	9.376	9.697	19.073
Aragón	21.053	3.930	24.983
Asturias	15.578	1.000	16.578
Baleares	1.606	248	1.854
Canarias	14.204	3.312	17.516
Cantabria	5	—	5
C. León	20.477	1.139	21.616
C. A Mancha	1.637	271	1.908
Cataluña	123.036	10.526	133.562
C. Valenciana	30.397	3.873	34.270
Extremadura	—	—	—
Galicia	6.836	1.515	8.351
Madrid	35.915	20.214	56.129
Murcia	1.803	959	2.762
Navarra	1	5	6
País Vasco	14.835	447	15.282
A Ríoxa	—	5	5

(1) CNAE 50, 51, 52, 55

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

O gasto das empresas galegas da rama de actividade de enerxía e auga supón unha porcentaxe mínima do total galego (0,20%) e se realizou integramente nas empresas de menos de 250 empregados.

Rematadas as diversas ramas industriais, entramos na análise da construción e das diversas ramas do sector servizos, que por vez primeira se recollen nesta enquisa de innovación tecnolóxica que realiza o INE. A construción supón o 3,31% do gasto galego en innovación, un 78,96% do mesmo corresponde a empresas de menos de 250 empregados.

O gasto en innovación nas empresas de comercio e hostalería representa un 1,99% do total galego e realízase fundamentalmente (81,86%) nas empresas de cadro de persoal inferior ás 250 persoas.

O cadro 2.55 recolle o gasto en innovación nas empresas de transportes e almacenamento, que supón en Galicia tan só un 0,74% do gasto total; as empresas de menos de 250 asalariados son responsables de case dous de cada tres euros (63,50%).

Transportes, almacenamento⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000

■ Cadro 2.55

	Menos de 250 empregados	250 e máis empregados	Total Gasto
Andalucía	8.408	2.622	11.030
Aragón	—	1.181	1.181
Asturias	177	919	1.096
Baleares	1.139	6.213	7.352
Canarias	3.899	3.749	7.648
Cantabria	—	785	785
C. León	346	1.405	1.751
C. A Mancha	4.362	732	5.094
Cataluña	78.562	20.334	98.896
C. Valenciana	6.309	11.287	17.596
Estremadura	1.594	888	2.482
Galicia	1.962	1.128	3.090
Madrid	6.251	58.450	64.701
Murcia	—	919	919
Navarra	239	738	977
País Vasco	6.477	7.315	13.792
A Rioxa	—	188	188

(1) CNAE 60, 61, 62, 63

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

En correos e comunicacións (cadro 2.56) hai o 3,04% do gasto en innovación das empresas de Galicia e o 77,68% é das empresas con 250 ou máis empregados.

Correos e telecomunicacións⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000
■ Cadro 2.56

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto
Andalucía	7.569	62.115	69.684
Aragón	—	3.738	3.738
Asturias	—	3.345	3.345
Baleares	—	4.611	4.611
Canarias	412	9.943	10.355
Cantabria	540	1.537	2.077
C. León	—	8.562	8.562
C. A Mancha	—	5.275	5.275
Cataluña	3.303	67.300	70.603
C. Valenciana	4.732	15.610	20.342
Extremadura	—	2.352	2.352
Galicia	2.841	9.885	12.726
Madrid	21.985	138.765	160.750
Murcia	1.503	4.611	6.114
Navarra	91	1.809	1.900
País Vasco	317	7.398	7.715
A Ríoxa	1.407	1.778	3.185

(1) CNAE 64

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

O gasto en innovación das empresas de intermediación financeira figura no cadro 2.57, que explicita que supón tan só un 1% do gasto empresarial galego en innovación e procede todo das empresas de 250 empregados ou máis.

Intermediación financeira⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000
■ Cadro 2.57

	Menos de 250 emplegados	250 e máis emplegados	Total Gasto
Andalucía	15.378	950	16.328
Aragón	530	7.966	8.496
Asturias	19	605	624
Baleares	—	930	930
Canarias	433	57	490
Cantabria	—	9	9
C. León	17	250	267
C. A Mancha	—	28	28
Cataluña	7.745	59.468	67.213
C. Valenciana	1.080	2.084	3.164
Extremadura	343	—	343
Galicia	—	4.189	4.189
Madrid	58.486	188.241	246.727
Murcia	268	14	282
Navarra	140	43	183
País Vasco	9.791	4.740	14.531
A Ríoxa	17	9	26

(1) CNAE 65, 66, 67

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

O cadro 2.58 reflicte que as empresas inmobiliarias e as de servizos a empresas representan o 4,28% do gasto en innovación de Galicia; case todo (95,15%) procede das empresas de cadro de persoal inferior ás 250 persoas.

Inmobiliarias, servizos a empresas⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000

■ **Cadro 2.58**

	Menos de 250 empregados	250 e máis empregados	Total Gasto
Andalucía	27.390	6.096	33.486
Aragón	11.045	54	11.099
Asturias	6.214	725	6.939
Baleares	1.232	14	1.246
Canarias	12.704	—	12.704
Cantabria	3.603	—	3.603
C. León	7.450	32.150	39.600
C. A Mancha	4.210	48.908	53.118
Cataluña	87.937	88.026	175.963
C. Valenciana	72.979	3.429	76.408
Extremadura	171	11.419	11.590
Galicia	17.061	869	17.930
Madrid	250.797	448.531	699.328
Murcia	3.579	330	3.909
Navarra	15.974	400	16.374
País Vasco	160.458	50.179	210.637
A Rioxa	1.276	3.644	4.920

(1) CNAE 70, 71, 72, 73, 74

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

O gasto en innovación das empresas galegas de servizos públicos, sociais e colectivos (cadro 2.59) tan só supón o 1,05% do total galego e rexístrase fundamentalmente (87,35%) nas empresas de cadro de persoal inferior ás 250 persoas.

Servicios públicos, sociais e colectivos⁽¹⁾. Gasto en innovación. Por comunidades autónomas. 2000
■ Cadro 2.59

	Menos de 250 empregados	250 e máis empregados	Total Gasto
Andalucía	16.370	16.046	32.416
Aragón	241	227	468
Asturias	3.206	—	3.206
Baleares	1.278	2.690	3.968
Canarias	2.988	92	3.080
Cantabria	3.604	33	3.637
C. León	200	296	496
C. A Mancha	15.166	33	15.199
Cataluña	41.614	13.292	54.906
C. Valenciana	6.690	4.713	11.403
Extremadura	—	100	100
Galicia	3.833	555	4.388
Madrid	30.352	47.185	77.537
Murcia	744	33	777
Navarra	116	—	116
País Vasco	1.287	616	1.903
A Ríoxa	1.619	—	1.619

(1) CNAE 85, 90, 92, 921, 922, 93

Fonte: INE. (Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas)

2.6.4. As opinións dos empresarios

O cadro 2.60 recolle resumidamente as impresións dos empresarios galegos encol dalgunhas variables no conxunto do sector industrial -sen entrar a distinguir entre bens de investimento, intermedios ou de consumo- no último sexenio. Analizamos a continuación separadamente os cinco apartados dese cadro:

■ Cadro 2.60
**Opinións empresariais. Total sector industrial (sen construción).
Galicia. 1996-2001**

Total sector industrial	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Grao utilización actual (%) ⁽¹⁾	61,1	70,3	75,8	73,8	75,2	76,5
Carteira de pedimentos	-15,0	-11,0	10,0	4,0	-5,0	-8
Stocks da produción	9,0	-2,0	12,0	-2,0	5,0	-3
Tendencia da produción	7,0	5,0	17,0	22,0	-8,0	-39
Tendencia do emprego ⁽¹⁾	-19,0	-1,0	3,0	-2,0	-6,0	-27

(1) Datos do 4º trimestre nestas dúas variables. Nas outras tres, datos do mes de decembro

Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

1) A previsión de **utilización da capacidade productiva** total da industria estivo no cuarto trimestre do último quinquenio entre o 61,1% do ano 1996 e o 76,5% do último ano. Subiu no 2000 en 1,4 puntos e en 2001 en 1,3 puntos a previsión de utilización da capacidade productiva respecto do ano anterior e queda na mellor posición do sexenio.

2) No tocante á demanda, a variable “**carteira de pedimentos**” amosa a diferenza existente entre a porcentaxe de respostas que indicaron que era elevada e as que sinalaron que era débil. En decembro do ano 2001 queda nunha posición peor que no ano anterior e moito peor que dous e tres anos antes.

3) En canto **ós stocks de produtos rematados**, as respostas da enquisa constatan a diferenza entre a porcentaxe de respostas que sinalan que o nivel é excesivo e as que sinalan que é insuficiente. A positiva evolución desta variable no último ano (en sentido contrario que no ano 2000) sitúaa na mellor posición do sexenio analizado.

4) A **tendencia da produción** representa a diferenza porcentual entre os que responden que aumentará e os que responden que diminuírá. No cadro comprobamos que este índice mellorou notablemente no bienio 1998-1999, pero no último bienio evolucionou moi desfavorablemente e queda -con gran diferenza- na peor posición do sexenio.

5) A **previsión empresarial da tendencia do emprego** empeora intensamente no cuarto trimestre do ano 2001 respecto do mesmo período do ano anterior e agudízase o carácter negativo que xa presentaba no bienio anterior; queda co peor valor do último sexenio.

2.7. A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI)

A raíz da promulgación do Real Decreto-Lei 5/1995, do 16 de xuño, a industria pública española nucleada neses momentos en torno ó Instituto Nacional de Industria (INI) e o Instituto Nacional de Hidrocarburos (INH) reestrúctúrase, agrupándose en dous entes as distintas empresas dependentes ou controladas polo Ministerio de Industria e Enerxía:

■ A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), á que se lle asignan as participacións dos grupos Teneo, SA e Repsol, SA, rexida polo dereito privado, sen aval do Estado, e que goza do beneficio da consolidación fiscal nas operacións de endebedamento; ten, ademais, como unha das súas principais obrigas a de amortizala débeda do ex-INI, vía dividendos, endebedamento e desinvestimentos.

■ A Axencia Industrial do Estado (AIE), á que se adxudica, polo seu valor contable, a carteira de titularidade directa, maioritaria, igualitaria ou minoritaria das entidades mercantís, suxeitas a plans de reestruturación ou reconversión industrial. A esta axencia non se lle concede ningunha capacidade de endebedamento e carece do beneficio de consolidación fiscal, se ben as empresas en reconversión serán as únicas que poidan percibir aportacións do Estado.

O 28 de xuño de 1996 o goberno aprobou o “programa de modernización do sector público empresarial do Estado”, que diseña un plan de privatizacións de

empresas públicas, que afondando na política de alleación de activos patrimoniais públicos que xa viña desenvolvéndose anteriormente, contempla a venda das empresas públicas rendibles, incluídas as dependentes do Ministerio de Economía e Facenda.

No trienio 1996-1999 producíronse operacións privatizadoras en empresas públicas industriais e de servizos con implantación en Galicia: Argentaria, Telefónica, o grupo Repsol, Retevisión, Auxini, ENDESA, Tabacalera, Gas Natural, Elcano, Barreras, INESPAL, Santa Bárbara, Indra ou Red Eléctrica, e en 2000 e os primeiros meses de 2001 os de Iberia, Enatcar e ENCE, ás que seguirá Autopistas del Atlántico en 2002, quedándose o Estado co control daquelas que poden ter problemas para privatizarse por cuestións sociais ou estratéxicas, aínda que non se descarta o seu pase a mans privadas, como as da División Naval e Bazán agrupadas no novo grupo Izar.

En todo caso, o que si é certo é que o cadro da empresa pública en España, e polo tanto en Galicia, experimentou un importante cambio nestes últimos anos, especialmente a partir de 1997-1998, diminuíndo, substancialmente, as empresas participadas polo Estado, quedando reducido a un pequeno grupo con capital público, formado polas que arrastran un déficit empresarial considerable.

O Decreto-Lei 15/1997, do 15 de setembro, reagrupa de novo o sector público, disolvendo a AIE e integrando as súas sociedades na SEPI, facendo esta fronte ó paulatino equilibrio financeiro do sector; cunha aportación de recursos de 900.000 millóns de pesetas -resultante das privatizacións- durante os dous primeiros anos e desvinculando o mantemento das empresas públicas dos Orzamentos Xerais do Estado, cun efecto importante na redución do déficit público para o cumprimento dos criterios de Maastricht.

A SEPI é polo tanto a sociedade estatal que agrupa na actualidade as empresas públicas industriais, acollendo tamén algunha das empresas que pertencían á Dirección Xeral de Patrimonio, tales como Efe, ALYCESA, CETARSA, Transmediterránea, EMGRISA, ENAUSA -matriz de Autopistas del Atlántico-, EXPASA, MAYASA e a Sociedade Estatal de Participacións Patrimoniais, coa intención na maioría dos casos de prepara-la súa futura privatización.

No anexo deste informe contéplanse os datos de investimentos e persoal dos entes públicos e sociedades estatais, clasificados de acordo coa distribución que establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

As características e tendencias que apuntabamos en anteriores informes, con respecto ós investimentos e ó cadro de persoal das empresas públicas dependentes do ex Ministerio de Industria e Enerxía -hoxe do de Facenda-, e que se agrupan na SEPI continúan en 2001; como se reflicte nos cadros 17 e 18 do anexo, quedando reducidas ó número de tres máis a incorporación de Transmediterránea con persoal na provincia de Pontevedra.

Os investimentos da SEPI representan un montante total de 78 millóns 660 mil euros (cadro A.17) -curiosamente maior que o dos últimos anos, a pesar de continua-la privatización das empresas, debido ó aumento substancial das inversións en Bazán-Izar e en ENA, pero cun enorme descenso con respecto a anos anteriores ó deixar de computarse, xa en 1997, as inversións de Endesa e do grupo Repsol -preto de 9.611 millóns de pesetas en 1997- que foron as empresas industriais con maior capacidade inversora en Galicia. ENA, con 45 millóns 653 mil euros de inver-

sión en 2001 constitúe a empresa pública industrial que maior volume de recursos inviste en Galicia. Bazán e a División de Construcción Naval (DCN) agrupadas na nova empresa Izar inviste 30 millóns de euros en Galicia (cadro A.17). A provincia da Coruña, con 55 millóns 804 mil euros, xunto á de Pontevedra, con 22 millóns 857 mil euros, absorben a totalidade do investimento das empresas públicas industriais na Comunidade Autónoma Galega xa que tanto en Lugo como en Ourense non se produce investimento ningún durante 2001.

Os efectivos de persoal das empresas públicas en Galicia, agrupadas na SEPI, ascenden a 4.200 en 2001 (cadro A.18), fronte os 4.999 da mesma entidade en 2000. O descenso do emprego público industrial prodúcese con respecto ó ano anterior pola privatización de Santa Bárbara e Imenosa experimentando un pequeno aumento pola absorción de Aviaco por Iberia e a creación do grupo ENA. O lixeiro incremento do cadro de persoal en Izar e a incorporación do persoal da axencia EFE. A Coruña, con 4.059 empregados concentra o volume máis importante, Pontevedra mantén 141, mentres que en Lugo e Ourense como xa ocorrera no pasado ano non ten presenza a empresa pública industrial ó non dispor de ningún traballador nas súas delimitacións provinciais.

Tódalas empresas públicas industriais con sede en Galicia experimentan unha diminución apreciable de traballadores nestes nove últimos anos, pasándose, no seu conxunto, de 14.067 traballadores en 1993 ós 4.200 do ano que analizamos. O novo grupo Izar con 3.864 empregados é o que absorbe un maior número de man de obra.

2.8. Política industrial.

A aportación das administracións públicas

Examinaremos, dentro deste apartado, o conxunto das intervencións máis importantes das distintas administracións públicas no ámbito industrial e empresarial, co obxecto de ter unha visión de carácter xeral das principais liñas de actuación que marcan as políticas públicas en Galicia.

Hai que ter, non obstante, moi en conta que a política macroeconómica ten un papel decisivo sobre a actividade industrial: o control da inflación, a redución do déficit público e a estabilidade monetaria constitúen factores fundamentais para a incentivación e boa marcha das industrias e, xunto co investimento público e o impulso das reformas estruturais, inciden dunha maneira decisiva no comportamento empresarial.

2.8.1. As actuacións da UE

O Cumio de Maastricht do 7 de febreiro de 1992, coa reforma do artigo 130 do Tratado da UE, marca o inicio da nova estratexia en materia industrial e de emprego previndo, un marco de relacións entre administracións públicas rexido polo principio de subsidiaridade, a potenciación da instrumentación de accións de I+D, políticas de infraestruturas a escala europea, formación profesional e incluso a posibilidade de utilización de medidas específicas, a aprobar por unanimidade, destinadas a acelerar a adaptación da industria ós cambios estruturais, creando un contorno favorable á iniciativa, desenvolvendo a cooperación entre as empresas, e

a favorecer unha explotación do potencial industrial das políticas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

O Tratado de Amsterdam do 17 de xuño de 1997 inclúe no Tratado Constitutivo da Unión Europea un capítulo sobre emprego, en paralelo ás disposicións relativas á Unión Económica e Monetaria. Cada país continúa a ser dono da súa política, pero a situará no contexto dunha estratexia coordinada de toda a comunidade. O Tratado fixa para os gobernos da Unión o compromiso de:

■ Orienta-las súas políticas de emprego en consonancia coa política económica da comunidade.

■ Promover unha man de obra cualificada con poder de adaptación, así como mercados de traballo que poidan reaccionar axiña ante os cambios económicos.

Así mesmo, crea un sistema de vixilancia multilateral das políticas de emprego nacionais, e un Comité de Emprego que asistirá ás institucións neste traballo.

A estratexia coordinada para o emprego levarase á práctica do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, os xefes de Estado e de Goberno examinarán a situación do emprego.

b) O Consello, por maioría cualificada, a proposta da Comisión e previa consulta ó Parlamento Europeo, ó Comité Económico e Social, e ó Comité das Rexións, elaborará as liñas directrices para os estados membros.

c) Ó final do ano, o Consello examinará a aplicación das liñas directrices e, se o estima oportuno, formulará recomendacións para os estados membros.

O Consello e a Comisión remitirán un informe anual conxunto ós xefes de Estado e de Goberno, que examinarán as novas orientacións a seguir.

Finalmente, prevense medidas de estímulo para financiamento de proxectos piloto en temas de emprego.

Transcorridos dous anos con ocasión do Cumio de Lisboa -marzo de 2000- valórouse positivamente o proceso iniciado en Amsterdam, e acolleuse como obxectivo prioritario a loita contra o desemprego, marcándose como meta conseguilo pleno emprego na Unión Europea para 2010, combinando para isto reformas estruturais ambiciosas coa potenciación das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé no acceso das escolas a Internet e a formación a curto prazo do profesorado nas novas tecnoloxías.

A pesar do descenso da actividade económica como consecuencia dos atentados do 11 de setembro de 2001, tanto no Cumio de Barcelona como no recente Consello da Unión Europea de Sevilla -21 e 22 de xuño de 2002- apóstase pola reactivación do crecemento, reafírmase na adhesión do Pacto de Estabilidade e Crecemento e o saneamento das finanzas públicas e mantéñense en vigor os obxectivos estratéxicos alcanzados en Lisboa.

As actuacións da UE en Galicia -catalogada como rexión obxectivo nº I- lévanse a cabo a través do transvase de importantes cantidades de diñeiro para o desenvolvemento rexional, das que a maioría dedícanse a infraestruturas de carácter básico; ditas cantidades canalízanse a través dos chamados fondos estruturais para a redución dos desequilibrios rexionais: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER); o Fondo Social Europeo (FSE); o Fondo Europeo de

Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA); e o Instrumento para Financiamento e Organización da Pesca (IFOP). Xunto a eles, e creado no Tratado de Maastricht para os estados membros que non superan o 90% da media comunitaria do PIB por habitante (Irlanda, Grecia, Portugal e España), o Fondo de Cohesión financia proxectos de infraestrutura de transporte e medio ambiente.

• Marco de Apoio Comunitario de Galicia para o período 2000-2006

	Obxectivo 1	Obxectivo 2	Obxectivo 3
Formas de intervención			
PPOO Rexionais			
Andalucía	155.155	-	-
Asturias	17.333	-	-
Canarias	45.673	-	-
Cantabria	5.541	-	-
C. A Mancha	40.299	-	-
C. León	51.389	-	-
C. Valenciana	79.283	-	-
Extremadura	60.494	-	-
Galicia	65.223	-	-
Murcia	17.936	-	-
Ceuta	2.596	-	-
Melilla	1.697	-	-
Aragón	-	-	10.241
Baleares	-	-	5.262
Cataluña	-	38.017	36.111
Madrid	-	-	38.904
Navarra	-	-	10.825
País Vasco	-	-	37.045
A Ríoxa	-	-	2.355
Total	542.619	38.017	140.744
PPOO Plurirrexionais			
Fomento do emprego	570.821	-	133.893
Iniciativa Empresarial e Formación Continua	258.556	-	75.775
Loita contra a discriminación	33.939	-	12.795
Sistema de Formación Profesional	22.936	-	6.345
Investigación, Desenvolvemento e Innovación	42.186	17.880	-
Asistencia Técnica	377	-	127
Total	928.817	17.880	228.934
Total PPOO	1.471.436	55.897	369.678
IC EQUAL		85.771	
TOTAL		1.982.782	

Importe en millóns de pesetas
Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

2.8.2. A aportación da Administración Xeral do Estado

Examinaremos neste apartado as subvencións do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía nos eidos do programa de fomento da investigación técnica: Profit, que substituíu ós planos da iniciativa de Apoio á Tecnoloxía, á Seguridade e á Calidade Industrial (ATYCA) do ex Ministerio de Industria e Enerxía xunto co Plano de Competitividade Téxtil-Confección; o programa de reindustrialización, e os créditos concedidos polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).

Incluímos tamén os datos dos incentivos rexionais da Zona de Promoción Económica de Galicia (ZPE), concedidos polo Ministerio de Economía e xestionados administrativamente pola Xunta de Galicia, a través do IGAPE.

• Os programas tecnolóxicos do Estado

O Consello de Ministros do 12 de novembro de 1999 aprobou o Plano Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2000-2003 co obxecto de definir unha estratexia global e común que inclúa a tódalas actuacións públicas con competencias sectoriais en investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico. Neste marco o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía aprobou mediante Orde Ministerial o programa de fomento da investigación técnica: PROFIT co obxecto de contribuír ás condicións que favorezan o aumento da capacidade de absorción tecnolóxica das empresas, o fortalecemento dos sectores e mercados de rápido crecemento, así como a creación e o desenvolvemento das empresas de base tecnolóxica, especialmente as de elevada tecnoloxía.

O programa PROFIT vén a substituír á iniciativa ATYCA aprobada o 10 de outubro de 1996 cunha vixencia de 1997 a 1999, da que se ofreceron datos en anteriores informes e que contemplaba de xeito similar ó programa vixente un sistema de incentivos para mobiliza-las empresas e outras entidades a desenvolver actividades de I+D, deseño, calidade, seguridade e de medio ambiente industrial, co fin de afondar na mellora da competitividade das empresas, garanti-lo emprego cualificado, a medio e longo prazo, e aumenta-la calidade de vida dos cidadáns.

A Orde do 3 de marzo de 2000 que regula o PROFIT prevé dúas liñas de financiamento:

■ Anticipos reembolsables, que son préstamos a interese cero, destinados a proxectos de baixo risco tecnolóxico ou empresarial.

■ Subvencións que cubran parcialmente os custos subvencionables do proxecto.

Estes instrumentos financeiros poderán á súa vez concorrer con créditos privilegiados do CDTI, de acordo coa súa normativa, estando tamén prevista unha acción horizontal de apoio ó sistema de garantías das entidades financeiras que presten ditas garantías a favor da Administración do Estado.

No cadro 2.67 contéplanse os resultados do primeiro ano de aplicación do programa PROFIT en Galicia e no total do Estado: na Comunidade Galega presentáronse 102 proxectos dos que foron aprobados 43, pertencentes ás catro provincias, se ben só foi aprobado un proxecto na provincia de Lugo e catro na de Ourense, o maior número de expedientes corresponde á provincia de Pontevedra: 17, pero as maiores contías tanto da subvención coma dos anticipos reembolsables corresponderon á da Coruña.

Programa de Fomento da Investigación Técnica. PROFIT. Galicia/España. 2000

■ Cadro 2.67

	Proxectos presentados	Proxectos aprobados	Investimento financiable	Subvención	Aportación reembolsable
A Coruña		16	1.144.450	149.560	582.020
Lugo		1	151.500		113.600
Ourense		4	69.090	21.400	
Pontevedra		19	878.080	84.400	484.140
Varías Prov		3	15.840	15.000	
Galicia	102	43	2.258.960	270.360	1.179.760
España	5.330	2.302	141.185.460	17.271.020	59.729.680
% Galicia/España		1,86	1,60	1,57	1,98

Contías en miles

Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Do conxunto dos 43 proxectos galegos que representan soamente un 1,87% do total español, as empresas galegas obtiveron algo máis de 270 millóns de pesetas en concepto de subvención: o 1,57% en relación cos máis de 17.000 millóns do total nacional e preto de 1.180 millóns de anticipos reembolsables que representan o 1,98% do importe total do Estado.

O **Plano de Competitividade Téxtil-Confección** é un sistema de axudas promovido polo antigo Ministerio de Industria e Enerxía e mantido con nova regulación polo actual Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, vai dirixido ó fomento da innovación e ó desenvolvemento tecnolóxico do sector téxtil-confección, con vistas a incrementa-la súa competitividade e favorece-la súa integración no mercado internacional. O plano 1997-1999 rematou e aprobouse o 1 de xuño de 2000 un novo plano que vai dirixido prioritariamente á aplicación das novas tecnoloxías ás pequenas e medianas empresas do sector. No cadro 2.68 ofrécese agrupados os datos do antigo plano 1997-1999 e os datos dos anos 2000 e 2001 do vixente. Como podemos observar dunha banda diminúen cada ún destes dous últimos anos o número de empresas ou proxectos beneficiarios do plano e doutra incrementase a contía da subvención/anticipo en 2000 unha contía próxima ós 385 millóns de pta -2.313.133 euros- e sofre unha drástica diminución en 2001 a pouco máis de 152 millóns de pesetas -914.221 euros-.

Plano de competitividade téxtil. Galicia.1997-2001

■ Cadro 2.68

	Nº de empresas/ proxectos					Subvención/anticipo				
	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001
A Coruña	11	10	13	7	5	858.401,55	591.828,64	637.048,79	398.278,70	604.744,45
Lugo	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ourense	-	-	-	2	-	-	-	-	361.015,95	-
Pontevedra	11	5	10	5	3	388.151,65	241.138,08	679.696,61	1.553.838,66	309.476,14
Galicia	22	15	23	14	8	1.246.553,20	832.966,72	1.316.745,40	2.313.133,32	914.220,59

Elaboración propia

Contía subvención en euros

Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

○ **CDTI** ten encomendado, dentro dos Plans de Actuación Tecnolóxica, a concesión de créditos, actualmente a interese cero, que poden chegar ata un 50% do presuposto do proxecto e cun período de amortización de 5 anos, para os seguintes proxectos:

■ Desenvolvemento tecnolóxico - novos proxectos e/ou produtos, de cara á súa comercialización.

■ Innovación tecnolóxica - incorporación ás empresas de novas tecnoloxías con baixo risco técnico.

■ Promoción tecnolóxica cara ó exterior.

■ Proxectos concertados de risco elevado e resultados non comercializables directamente.

○ CDTI concedeu a Galicia, durante 2001, préstamos por un valor de 1.173,14 millóns de pesetas (7.050.726 euros)- distribuídos en 7 proxectos para apoiar unha inversión de preto de 2.980 millóns de pesetas -17.906.891 euros- (cadro 2.69). No período 1991-2001 aprobáronse, para a Comunidade Autónoma Galega, 116 proxectos cunha aportación crediticia de 10.036,54 millóns de pesetas.

■ **Cadro 2.69**

**Aportacións do CDTI. Galicia.
1999-2001**

	Nº de proxectos			Orzamento subvencionable			Aportación CDTI		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
A Coruña	9	1	6	9.931.725,02	6.010,12	8.189.491,75	3.466.036,81	3.005.060,52	3.244.614,26
Lugo	2	0	2	970.033,54	—	—	485.016,77	—	652.699,14
Ourense	1	1	—	1.179.786,76	661.113,31	2.075.895,81	412.895,32	396.667,99	—
Pontevedra	9	4	7	19.800.944,79	8.183.981,83	7.641.503,65	6.418.809,27	3.152.308,49	3.153.412,94
Galicia	21	6	15	31.882.490,11	8.851.105,26	17.906.891,21	10.782.758,16	6.554.037,00	7.050.726,34

Contías económicas en euros

Fonte: Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI)

○ **programa de reindustrialización** (cadro 2.70) que contempla subvencións e préstamos para zonas que sufriran declive industrial, aprobou para Galicia en 2001 nove proxectos, outorgando subvencións de 8 millóns de pesetas e créditos por valor de 2.778 millóns de pesetas a empresas con actividade no contorno de Ferrol e As Pontes.

Polo que respecta as subvencións para a reestructuración da minería do carbón e desenrolo alternativo das comarcas mineiras non tivo lugar no 2001 convocatoria de axudas a proxectos empresariais xeradores de emprego e firmáronse 5 convenios para desenvolvemento de infraestructuras por un importe total de 8.527.550 euros.

Programa de reindustrialización. (Total Galicia).**■ Cadro 2.70**

	1999	2000	2001
Nº de Proxectos	11	13	9
Subvención*	811.366,34	1.983.339,94	48.080,97
Préstamo*	4.952.339,74	7.542.701,91	16.696.116,26
Axuda total*	5.763.706,08	9.526.041,85	16.744.197,23

*Datos en euros

Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

• Os incentivos económicos rexionais

Os incentivos económicos rexionais creados pola Lei 50/1985 constitúen un mecanismo incentivador da inversión privada en zonas configuradas na actualidade- (reforma do Real-Decreto 1328/2001 do 30 de novembro) como Zona de Promoción Económica -ZPE-que queda constituída pola totalidade da Comunidade Autónoma: a consideración de ZPE supón que os proxectos de investimentos relacionados coa industria extractiva e transformadora, en industrias agroalimentarias, de acuicultura e de transformación e conserva de produtos pesqueiros, os servizos de apoio á industria e os de establecementos hoteleiros poden ser susceptibles de subvencións ata o 40% do investimento total).

A partir do 1 de xaneiro de 1996 suprímese a ZID (Zona Industrial en declive, que ten hasta esa data a zona de Ferrolterra, cun tratamento máis xeneroso con respecto á porcentaxe das subvencións) e a totalidade de Galicia constitúe ZPE a efectos da normativa sobre os incentivos económicos, se ben a porcentaxe que obtención as empresas pode complementarse con outras actuacións subvencionadoras co tope xeral do 40% a partir de 2002 fronte ó anterior do 50%.

Como pode apreciarse no cadro 2.72 aprobáronse en Galicia, desde 1988, ano de iniciación dos incentivos, ata decembro de 2000, un total de 1.337 proxectos que obtiveron unha subvención total de máis de 87.757 millóns de pesetas -527.432 miles de euros-. O cadro 2.73 contempla a evolución, nos últimos oito anos, observándose a nivel galego, nos anos 1997, 1998 e 1999 un aumento moi notable tanto do investimento subvencionable como da axuda concedida, destacando a estes efectos e tamén a contía do tanto por cento correspondente, o ano 1997. En 2000 aprobáronse un total de 52 expedientes -un número inferior ó ano anterior e similar ós anos precedentes- para un investimento de 21.922 millóns de pesetas-131 millóns 754 mil euros-, outorgando subvencións de 3.607 millóns de pesetas -21 millóns 679 mil euros-, pero en 2001 apróbanse 109 expedientes, a cantidade maior destes últimos oito anos cun alto, tamén, investimento previsto, outorgando como subvención 46 millóns 184 mil euros cun compromiso de creación de 1.744 novos empregos e de mantemento de 7.308.

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia,
acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.01.2001 e o 31.12.2001**

■ **Cadro 2.71**

	Expedientes	Investimento	Subvención	A crear	A manter
A Coruña	34	170.068.047	15.761.041	624	2.364
Lugo	15	106.640.000	9.648.010	236	795
Ourense	10	52.377.009	6.428.211	281	993
Pontevedra	50	116.136.544	14.346.935	603	3.156
Galicia	109	445.221.600	46.184.197	1.744	7.308

Datos de Investimento e Subvención en euros
Fonte: Ministerio de Economía

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia,
acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.06.1988 e o 31.12.2001**

■ **Cadro 2.72**

	Exp.	Investimento	Subvención	%	Emprego/crear	Emprego/manter
Galicia	1.337	2.680.694	527.432	19,68	19.514	59.087

Datos de Investimento e Subvención en miles de euros
Fonte: Ministerio de Economía

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia,
acollidos á Lei 50/1985, aprobados de 1994 a 2001**

■ **Cadro 2.73**

	Exp.	Investimento	Subvención	%	Emprego/crear	Emprego/manter
1994	63	147.055,64	26.071,91	17,73	873	3.144
1995	63	133.034,03	23.265,18	17,49	823	4.515
1996	39	68.713,71	10.746,10	15,64	486	2.251
1997	51	378.126,77	87.801,86	23,22	1.114	4.273
1998	53	270.455,45	48.958,45	18,10	1.042	10.225
1999	83	259.793,49	45.737,02	17,60	1.724	4.654
2000	52	131.753,87	21.678,51	16,45	923	2.025
2001	109	445.221,60	46.184,20	10,37	1.744	7.308

Datos de Investimento e Subvención en miles de euros
Fonte: Ministerio de Economía

2.8.3. A aportación da Administración Autonómica

A análise da política industrial da Xunta de Galicia en 2000 lévanos primeiramente a examinalo labor do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), os fondos de capital risco -Emprende, Adiante, e da Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia (SODIGA) que xestiona XESGALICIA; e, posteriormente, cun achegamento moi sucinto ás liñas de actuación orzamentaria de promoción industrial que veñen desenvolvendo as consellerías sectoriais: a de Industria e Comercio

co apoio da de Economía e Facenda; a de Agricultura, Gandería e Montes; a de Pesca, Marisqueo e Acuicultura; e a de Medio Ambiente.

Desde a súa creación, coa Lei 5/1992, do 10 de xuño, o IGAPE vén a traballar en diversos programas de promoción e apoio ó contorno empresarial galego, a través da tramitación dos incentivos económicos rexionais -que xa estudiamos no anterior epígrafe-, da concesión de préstamos e avais, de distintas modalidades de bolsas para posgraduados (de contratos en prácticas, de investigación no exterior, “de promoción”, etc.) e de programas como LANZA- para a promoción da creación de empresas innovadoras lideradas por xoves-, PIMEGA -plano integral para mellora-la competitividade da empresa galega- ou IGATEL -que fomenta as telecomunicacións e aporta unha base de datos con información especializada ó empresariado-.

Desde a aprobación do Decreto 309/1995, do 23 de novembro, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, o IGAPE configúrase, máis claramente, como o eixe fundamental de potenciación do sector productivo galego, potenciada polo novo marco de actuación que introduce o “Acordo sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia”, asinado o 13 de xullo de 1998 pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios e as centrais sindicais Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores. Nel contéñense as liñas de actuación no período 1998-2001, mantendo e reforzando en parte as políticas que de promoción e fomento da actividade empresarial viñan realizándose con anterioridade -subsidiación ós tipos de xuro dos préstamos, subvencións a fondo perdido en proxectos que contribúan á creación e ó mantemento de emprego estable, préstamos participativos, saneamento financeiro, avais, etc.-. En xuño de 2000 o IGAPE dá a coñecer as directrices que seguirá o ente no período 2000-2003, presentando novos retos -duplica-los resultados do período 1997-1999 -incidindo nas liñas dos programas previstos no Acordo coas centrais sindicais SN de CCOO de Galicia e UGT-Galicia e a Confederación de Empresarios de Galicia. Por último o Decreto 172/2001 do 12 de xullo fixa as bases que regulan as modalidades de axudas do IGAPE na actualidade, coas seguintes liñas de actuación:

- Axudas ós proxectos empresariais de investimento.
- Axudas á reestructuración de empresas.
- Promoción de emprendedores.
- Apoio á continuidade e mellora competitiva da peme galega.
- Apoio á especialización laboral (mellora do capital humano), cunha vertente cara o exterior.

O Acordo do 13 de xullo de 1998 aporta como principal novidade unha nova dimensión de apoio ás empresas, creando unha xestora de capital risco: XESGALICIA (constituída en marzo de 1999), cun presuposto de 16.000 millóns de pesetas e que dispón de tres instrumentos en función das demandas empresariais:

- **Fondo Emprende**, dotado inicialmente con mil millóns de pesetas e coa idea de chegar ós 4.000 millóns a finais de 2001, componse de aportacións da Xunta de Galicia, das Caixas de Aforro, e o BBVA, co obxectivo de promover as empresas de nova creación.

■ **Fondo Adiante**, cunha dotación inicial de mil millóns de pesetas, e con previsión de chegar a 3.500 millóns de pesetas en 2001, financiado con diñeiro público e destinado ó apoio ás empresas con problemas de viabilidade.

■ **SODIGA**, que pasa a constituírse exclusivamente nunha sociedade de capital risco, cun montante en 2001 de 8.000 millóns. Prevese mante-los actuais socios e ampliarse a outras entidades financeiras; apoiará proxectos de desenvolvemento de empresas con estrutura financeira equilibrada e un grao de madurez significativo. Xestiona directamente o Fondo Galicia-Norte de Portugal, acollido ó programa comunitario Interreg-3, formado por capital aportado a partes iguais -820 millóns de pesetas e mil millóns de escudos- pola Xunta de Galicia e a Rexión Norte de Portugal que financian investimentos en Portugal promovidos por empresas de Galicia e viceversa, primándose a creación de joint ventures entre empresas.

No cadro 2.74 contéplanse as inversións aprobadas dos fondos de XESGALICIA nos anos 2000 e 2001. Como se pode observar descende lixeiramente en 2001 tanto o número de inversións como a contía total das mesmas, se ben aumenta notablemente a aportación en forma de préstamo. O feito de que nalgúns dos fondos se rebase o recurso inicialmente asignado non presupón o seu agotamento posto que os partícipes seguen a facer aportacións, así Adiante pasa no ano 2000 de mil a mil setecentos cincuenta millóns de pesetas coa previsión de chegar a tres mil cincocentos no 2001, e Emprende sobe de mil a dous mil millóns con previsión final de catro mil millóns de pesetas.

■ Cadro 2.74

Fondos de capital de risco de XESGALICIA
2000-2001

	Inversións aprobadas por fondos ⁽¹⁾							
	Nº		Capital		Préstamo		Total	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
ADIANTE	6	5	1.949,74	1.983,34	2.404,05	1.472,48	4.353,79	3.455,82
EMPRENDE	13	3	2.644,99	552,81	1.203,65	288,49	3.848,64	841,30
SODIGA	12	8	7.081,79	5.820,80	913,54	5.592,30	7.995,32	11.413,10
Total	31	16	11.676,52	8.356,95	4.521,23	7.353,26	16.197,76	15.710,22

Elaboración propia
(1) En miles de euros
Fonte: IGAPE

Segundo datos feitos públicos polo IGAPE en agosto de 2001 a carteira de XESGALICIA ascende a 92 empresas das que 69 están participadas por SODIGA, 16 polo fondo Emprende e 7 por Adiante.

A Consellería de Industria e Comercio controla na actualidade o Centro de Innovación e Servicios de Diseño e Tecnoloxía (CIS), creado no seo do IGAPE, en 1995, e que desenvolve o seu labor no eido da formación e das novas tecnoloxías empresariais, co obxectivo de espallar, no tecido empresarial galego, accións de I+D

e complétase na súa actividade co Centro de Innovación e Servicios Tecnolóxicos da Madeira, no Parque Tecnolóxico de Galicia, creado en 1996, e o Centro Europeo de Empresas. Xunto a estes instrumentos, o IGAPE vén de crear recentemente en Porriño, en colaboración coa Zona Franca de Vigo, o Centro de Iniciativas Empresariais (CIE), coa finalidade de apoiar a creación de empresas, especialmente as baseadas en ideas innovadoras e/ou promovidas por mozos emprendedores.

Dentro da modalidade de subvencións ó investimento, o IGAPE continúa cunha acción de política industrial xa “clásica” en Galicia, porque se vén mantendo desde hai máis dunha década: a **subvención do tipo de interese dos créditos bancarios ás Pequenas e Medianas Empresas (PEMES) galegas**. Dita modalidade compléméntase coa concesión de avais co obxecto de subministrar garantías ás empresas galegas (ou ás que teñan unidades productivas en Galicia e destinen integramente ese diñeiro á creación, ampliación, reconversión ou reestructuración das mesmas) para investimentos e refinanciamento.

No cadro 2.75 contéplanse os datos dos programas de apoio **financeiro ás PEMES** de 1999 a 2001, distribuídos provincialmente. En 2001 a contía total dos préstamos concedidos foi de 36.306 millóns de pesetas -2.133 millóns máis que o ano precedente-, dos que o 77% correspondeu ó programa de investimento productivo que aumenta ostensiblemente con respecto ós anos precedentes, e máis do 18,85% ó de leasing, que diminúe lixeiramente con respecto a 2000. O programa “Tomas en participación de Capital”, que contou en 1998 con 42 expedientes aprobados e un préstamo global de 1.438 millóns de pesetas, en 1999 soamente aproba un só proxecto por 100 millóns de pesetas, e en 2000 dous por un importe de 650 millóns de pesetas, desaparecendo en 2001. O aspecto máis salientable é a diminución dos préstamos para reestructuración de pasivos, que tralos 10.462 millóns en 1999, baixa a tan só 15 préstamos por un importe de 1.583 millóns de pta en 2000 e 11 cun importe global de 1.088 millóns de pta en 2001. Os expedientes de ampliación de capital mantéñense en número pero en troques diminúen en preto da décima parte do importe total do préstamo. A subsidiación media do conxunto dos programas foi do 3,06%, inferior en catro centésimas ó ano anterior:

■ Cadro 2.75

**Programas de apoio financeiro ás PEMES.
Galicia. 1999-2001**

	Préstamos concedidos			Importe do investimento subvencionado			Importe total do préstamo			Subsidiación ponderada		
	Nº			Miles euros			Miles de euros			Miles de euros		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
Investimento productivo	643	523	720	200.269	169.864	302.093	128.448	106.872	168.006	3,10	3,20	—
Leasing	342	299	321	54.133	63.960	43.148	49.487	58.346	41.136	2,80	3,00	2,22
Reestructuración de pasivos	30	15	11	—	—	3.725	62.878	9.514	6.539	2,50	2,40	2,61
Ampliación de capital	45	33	33	—	—	—	8.396	26.745	2.525	3,50	3,40	3,00
Tomas Participación Capital	1	2	—	—	—	—	601	3.907	—	4,00	3,00	—
Total	1.061	872	1.085	254.402	233.824	348.966	249.811	205.384	218.206	2,90	3,10	3,06

Elaboración propia
Fonte: IGAPE

Desde o punto de vista provincial, cadro 2.76, aumentan con respecto a 2000, o número de expedientes nas catro provincias galegas, salientando o forte incremento de Ourense. Tamén suben o importe dos préstamos nas provincias de Ourense e Pontevedra, disminuíndo moi lixeiramente na Coruña e Lugo

■ Cadro 2.76

**Programas de apoio financeiro ás PEMES.
Por provincias. Galicia. 1998-2001**

	Nº de expedientes				Importe do préstamo ⁽¹⁾				Porcentaxe			
	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001
A Coruña	486	366	323	353	112.277	95.418	67.345	61.405	38,9	38,2	32,5	28,1
Lugo	196	212	159	172	33.705	39.655	37.011	35.058	11,7	15,9	17,8	16,1
Ourense	146	147	94	186	33.285	32.798	24.143	25.703	11,5	13,1	11,6	11,8
Pontevedra	532	336	288	374	109.266	81.943	78.890	96.040	37,9	32,8	38,0	44,0
Galicia	1.360	1.061	864	1.085	288.533	249.815	207.389	218.206	100	100	100	100

Elaboración propia

(1) Datos en miles de euros

Fonte: Igape

O cadro 2.77 presenta a información do programa de investimento productivo, en 2000, por sectores, seguindo a clasificación dunha orde respecto ás competencias das consellerías da Xunta de Galicia, a maioría das axudas foron para o sector do comercio, aínda que a contía maior do préstamo correspondente ó 29%, foi para empresas do sector industrial non alimenticio nin pesqueiro, ocupando os lugares posteriores, a escasa distancia, o montante do préstamo concedido ás empresas de pesca, comercio e ás de transporte.

■ Cadro 2.77

**Programas financeiros a PEMES.
Por sectores. Galicia. 2001**

	Expedientes	Inversión	Préstamo	Ptos. Subsid. pond.	Subvención estimada	Emprego crear	Emprego manter
Agricultura	63	34.918.558	21.178.675	3,95	3.343.521	56	1.933
Comercio	408	55.222.060	36.329.247	3,30	4.363.455	459	2.848
Industria	244	98.947.034	63.225.012	2,86	6.755.939	1.016	7.393
Medio Ambiente	28	6.260.707	3.974.882	2,77	416.151	27	270
Pesca	73	100.957.807	56.254.417	3,26	7.517.573	181	2.000
Transporte	230	36.073.706	26.834.311	2,17	1.610.188	141	3.210
Turismo	39	16.585.648	10.409.241	2,89	1.314.632	121	130
Total	1.085	348.965.520	218.205.785	3,06	25.321.459	2.001	17.784

Fonte: Igape

Mediante Orde de xuño de 1997, modificada posteriormente en xullo de 1998 e en 2000, a Consellería de Economía e Facenda desenvolveu un programa de axudas ós proxectos empresariais de investimento que contribúan á creación e **mantemento de emprego estable**, entendendo como tal o que reúne os seguintes requisitos: -que se manteña como mínimo tres anos desde a creación; -reempregalo 25% dos traballadores en caso de crecemento da actividade e mante-lo 40% no caso de empresas en crise-. No cadro 2.78 preséntanse os datos referentes ós tres últimos anos de aplicación desta liña incentivadora a fondo perdido, que adquiriu en 1998, primeiro ano no que tivo vixencia a totalidade do mesmo, un resultado espectacular, confirmado tamén en 1999, converténdose nunha importantísima fonte de financiamento ó subvencionar con máis de 4.600 millóns de pesetas, 113 proxectos na Comunidade Autónoma. No ano 2000 diminúen en moi forte medida o número de expedientes, quedando reducidos a tan só 24, baixan tamén tanto os empregos a crear como a manter, pero mantense practicamente a contía da subvención: 4.048 millóns de pesetas, cunha incidencia especial, tanto desde o punto de vista numérico como da subvención percibida, na provincia da Coruña. No ano 2001 aumentan ata 86 o número de expedientes aprobados para unha inversión subvencionable de 321 millóns de euros e a aprobación dunha axuda global de 23 millóns 394 mil euros -3.892.434.084 pesetas-.

■ Cadro 2.78

Subvencións ó emprego estable. Por provincias. Galicia. 1999-2001

	Epdtes. Aprobados			Inversión ⁽¹⁾			Subvención ⁽¹⁾			Emprego a crear			Emprego a manter		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
A Coruña	46	12	30	162.155	133.568	118.110	16.837	14.721	9.643	1.182	549	630	3.121	1.039	3.503
Lugo	16	2	10	32.616	68.991	23.649	2.845	4.146	1.358	351	93	161	173	120	167
Ourense	11	4	15	34.880	18.562	103.992	2.391	1.475	6.991	211	220	674	1.194	4	683
Pontevedra	40	6	31	70.853	47.512	75.337	5.769	3.988	5.402	908	244	599	1.225	223	1.108
Galicia	113	24	86	300.504	268.633	321.088	27.842	24.330	23.394	2.652	1.106	2.064	5.713	1.386	5.461

(1) Datos en miles de euros
Fonte: IGAPE

Ademais destes programas que son os de maior dotación económica, o IGAPE subvenciona outras actuacións en ámbitos diversos como de apoio á expansión ó exterior da empresa galega, apoio á innovación, á cooperación empresarial e á formación.

O **INESGA** ten por obxectivo a promoción de proxectos e investimento empresarial de interese estratéxico para a economía galega, e no que a Xunta de Galicia participa de forma minoritaria. Comezou a súa actuación, en 1995, con dúas operacións de cofinanciamento coas empresas Inditex e Coren.

Os datos referentes ás entidades financeiras que participaron inicialmente neste Fondo de Desenvolvemento e a porcentaxe coa que participan no total dos 18.000 millóns con que estaba dotado, contéplanse no informe de 1998, xa que durante 1999 non houbo actuación ningunha, e en 2000, no que se asinou un novo

convenio entre a Xunta e sete entidades financeiras no que participan as caixas galegas -Caixa Galicia e Caixanova, xunto con Banco Pastor, BSCH, BBVA, Banco Galego e Banesto, creando un fondo de 108.182.200 euros- 18.000 millóns de pesetas, que concedeu durante 2001 e ata mediados de 2002 sete importantes préstamos en proxectos cofinanciados por outros instrumentos nas empresas de Vidriera do Atlántico, Bioetanol Galicia, Eucalipto de Pontevedra, Siderúrgica Añón, Fandicosta, Einsa Print Internacional e Möllertech Ourense.

SODIGA, como xa dixemos anteriormente, convértese nunha sociedade de capital risco exclusivamente, administrada por unha sociedade xestora de fondos e a súa actuación oríéntase na toma de participación minoritaria no capital das empresas de medio ou baixo risco e na concesión de préstamos participativos ou convertibles. As previsións do IGAPE son que se incrementa substancialmente o capital social -ata 8.000 millóns a finais de 2001- coa entrada fundamentalmente de capital privado e autofinanciándose coas desinversións que vai realizando, aínda que mantendo como mínimo a Comunidade Autónoma o 51% do capital.

A aportación de SODIGA á economía galega foi, en 1996, de 1.048,8 millóns de pesetas (deles, 600 para materializa-lo compromiso adquirido, en 1995, pola Xunta de Galicia, de subscripción de 600 millóns en obrigacións da empresa Pescanova); en 1997 o investimento agregado foi de 1.107,1 millóns de pesetas; en 1998, 1.060,09 millóns. En 1999, SODIGA (ver informes de anos anteriores) compromete a súa participación en dez empresas por un importe total de 1.144 millóns de pesetas, e en 2000, cadro 2.74, -en doce- cunha inversión de capital de máis de 1.330 millóns de pta. En 2001 adquire participación en oito empresas cun desembolso total de 1.899 millóns de pta -1.141 millóns de euros-.

No cadro 2.79 contéplanse os datos da distribución sectorial e territorial das empresas participadas por SODIGA a 31 de decembro de 2001; como pode apreciarse, o sector industrial e, no seu seo, as empresas de produtos metálicos e maquinaria e as de minerais e produtos non metálicos constitúen os eidos maioritarios da presenza de SODIGA na actividade empresarial, concentradas en preto do 75% nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

No transcurso de 2001, a Consellería de Industria e Comercio coa colaboración doutras consellerías sectoriais, continuou o seu apoio ós complexos ou conglomerados sectoriais, iniciada nos anos anteriores (ver informes de anos pasados) coa constitución do cluster da madeira, cunha representación de 120 empresas, comprometéndose a potencia-los sectores da carpintería e do moble con especial incidencia no conglomerado.

**Distribución das empresas con participación de Sodiga.
Por sectores económicos e provincias. Galicia. 2001**

■ Cadro 2.79

	Empresas	%
Sector primario	2	3,4
Sector industrial	47	79,7
Energía e auga	5	8,5
Minerais e prod. non metálicos	10	16,9
Productos químicos	3	5,1
Productos metálicos e maquinaria	10	16,9
Material de transporte	5	8,5
Alimentación, bebidas e tabaco	4	6,8
Téxtil, coiro e calzado	1	1,5
Madeira e cortiza	5	8,5
Caucho, plásticos e outras manufacturas	4	6,8
Sector servicios	10	16,9
Total	59	100
A Coruña	25	42,4
Lugo	4	6,8
Ourense	9	15,3
Pontevedra	19	32,2
Portugal	1	1,7
Romanía	1	1,7
Total	59	100

Datos a 31 de decembro

Fonte: Fundación Caixa Galicia. "A Economía Galega". Informe 2000-2001

Nos cadros 2.80 a 2.83 recóllense as subvencións e axudas das distintas conselleiras da Xunta de Galicia, agrupadas por programas segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega de 2000 e 2001 e que teñen incidencia na incentivación empresarial e industrial. No informe de 2000 e de 1997 e anteriores pódense consulta-los correspondentes ós presupostos deses anos.

■ Cadro 2.80

Subvencións e axudas das Consellerías de Economía e Facenda e Industria e Comercio
(capítulo VII). Galicia. 2000-2001

	Programa	Concepto	2000	2001
432A	Plan Galego de I+D Tecnolóxico	I+D Industrial. Plan Galego de IDT I+D Minería Premios innovación empresarial I+D Maquinaria e bens de equipo para minería I+D Enerxía Fundac. Fomento da Calidade Ind. E Des. Tecnol. *	346.000 150.000 3.000 433.844	406.000 40.000 3.000 90.000 120.000 185.000
521A	Regulación do comercio interior Regulación do comercio interior e política de prezos	Convenio IGAPE potenciación comercio minorista Equipamentos comerciais de carácter social(Corporacións Locais) Consortio proveiras e exposicións de Ferrol Mercado Madalena de Ferrol(Corporacións Locais) Fundacións de interese galego de carácter feiral Fundacións Semana Verde de Galicia(1) Fundacións PROVIGO Fundacións ferias e exposicións A Coruña Fundacións ferias e exposicións Lugo Recinto Ferial Vilagarcía Asociación Ferrol Metrópoli Multiusos Tui Multiusos Arzúa Federación de mercados centrais da comarca de Vigo	23.000 400.000 75.000 125.000 80.000 5.000 900.000 132.000 300.000 6.000 50.000 50.000	30.733 529.114 109.818 185.000 5.000 750.000 54.200 700.000 6.000 25.000
631A	Conservación e Aforro de Enerxía	Apoio á creación do Instituto Galego da Enerxía II Fase de Gasificación(*) Uso racional da enerxía nos Concellos(Corporacións Locais) Uso racional da enerxía nas industrias	300.000 465.000 400.000	80.000 150.000 48.220
631B	Programas de electrificación e enerxías alternativas	Plan de aforro enerxético nas industrias Alumeados públicos e aforro enerxético (Corporacións Locais) II Fase de Gasificación(*) Gas nos polígonos industriais Infraestructuras eléctricas no medio rural Mellora de infraestructuras enerxéticas	600.000 50.000	500.000 100.000 1.000.000 100.000
641A	Fomento da Minería	Convenio coa Cámara Mineira* Restauración mineira seguridade laboral no sector mineiro	10.000 6.800.483	10.000 30.000 30.000
661C	Ordenación e creación doutras industrias	IGAPE Polígonos industriais (Corporacións Locais) Fomento da calidade industrial Fomento de servizos ás asociacións Seguridade industrial Proxecto Rechar II	300.000 90.000 70.000 4.200	240.000 110.000 50.000 20.000 4.200
661D	Apoio á Artesanía	Convenio coa S.A. Desenvolvemento Comarcal de Galicia (Interrexional II) Centro de Artesanía de Lugo (Corporación Local) Axudas á artesanía galega	65.760 70.000 113.560	50.000 50.000 130.000
671C	Apoio á empresa industrial e de servizos	Xestión plano industrialización Ferrol Transferencia capital a MEISA	75.000	
723B	Fomento e cooperación empresarial sector naval	Aportación anual convenio PEMAR Aportación pymar para prexubilacións Fomento sector naval	157.300 91.700	95.000 120.570 155.000
732 A	Mellora empresarial e cooperación entre as empresas da madeira	Axudas ás industrias do complexo da madeira	200.000	350.000
741 A	Fomento grupo de actividades Automoción	Axudas ás industrias do complexo de automoción	426.000	650.000
742 A	Promoción grupo de actividades Téxtil-Confección	Axudas á industria do complexo téxtil-confección (RETEX)	275.000	275.000
743 A	Fomento grupo de actividades Minerais non metálicos	Fomento da investigación de minerais non metálicos Convenio co Instituto da Cerámica Apoio a maquinaria galega para apedra Fundación da Lousa e do Granito	1.287.200 80.000	300.000 200.000
744 A	Fomento grupo de actividades Telecomunicacións e Audiovisual	Axudas á industria do complexo de telecomunicacións e audiovisual Potenciación das Infraestructuras de acceso á información Desenvolvemento de Novas Aplicacións e Servizos de TIC Convenios incorporacións TIC nas Empresas	180.000 20.000 140.000 150.000	180.000
753 A	Distribución loxística e Promoción Comercial	Cámaras de Comercio. Plan Internacional Pemes Cámaras de Comercio. Plan Fomento das Exportacións Galegas Asociacións para promoción e distribución comercial Galicia Calidade Asociacións do sector comercial minorista Plan de cese anticipado de actividade comercial Axudas o comercio minorista galego	105.000 160.000 550.000 80.000	100.000 200.000 500.000 120.000 150.000 144.000 180.000
754 A	Servizos a empresas	Apoio ó Desenvolvemento de Conglomerados Potenciación acceso empresarial á sociedade da información	280.000	280.000 325.007
754 B	Apoio á Actividade Industrial	Fomento das actividades industriais Apoio ó Desenvolvemento de Conglomerados e Industrias Productivas	550.000 231.801	279.318 518.305
799 A	Accións do Plan de Crecemento e			
	Total		17.452.648	20.249.353

Elaboración propia

Datos en miles de pesetas

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais de C. A. Galega

No ano 2001 a aportación prevista á Semana Verde de Silleda é en activos financeiros por valor de 51.345.000 ptas.

"Incluído en programas distintos noutros anos"

■ Cadro 2.81 Subvencións e axudas da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria (capítulo VII). Galicia.2000-2001

	Programa	Concepto	2000	2001
421 A	Infraestrutura para a reforma e o desenvolvemento agrario	Adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos(*)	60.000	
422 D	Desenvolvemento rural	Programas leader ou asimilados	494.203	1.055.821
		Desenrolo e diversificación económica en zonas rurais	177.386	426.161
		Adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos(*)		40.000
		Plan de mellora rural (Corporacións Locais)	500.000	
612 A	Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía agraria	Promoción e cooperación agraria, constitución empresas primeiro establecemento	50.000	37.000
613 A	Sanidade vexetal e animal	Programas sanitarios especiais (Corporacións Locais)	45.000	53.000
		Programas sanitarios especiais (empresas)	260.000	359.311
		Agrupacións de defensa sanitaria		227.513
		Axudas ATRIAS	27.000	39.660
		Plan apícola galego	80.000	
614 A	Ordenación, reestruturación, fomento e mellora da produción agraria	Plan integral de mellora xenética	86.038	255.000
		Plan integral de mellora xenética-axudas asociadas	173.000	
		Apoio á eficacia dos sistemas productivos	170.000	150.600
		Fomento da mellora tecnolóxica e mecanización en común	51.050	348.450
		Programa de defensa dos vexetais	50.000	46.500
		Aportación ó Instituto Lácteo e Gandeiro (ILGA)	13.281.494	15.106.319
		Reestruct. e recon. dos sistemas productivos	-	99.400
		Programas Agrarios Especiais	35.000	
615A	Regulación das Produccións e Mercados agrarios	Ordenación de Producción e Mercados Agrarios	368.050	587.280
711 B	Fomento de cultivos alternativos	Programa de acción e desenvolvemento da produción integrada	299.700	393.900
712 A	Fomento do sector gandeiro	Apoio á eficacia dos sistemas productivos	10.000	150.000
713 A	Fomento das industrias agroalimentarias	Apoio á industrialización e comercialización	3.358.366	4.449.477
		Apoio ó investimento estratéxico	675.000	
714 A	Fomento da comercialización agroindustrial	Mellora da comercialización agroalimentaria	544.634	655.916
		Promoción Semana Verde	168.000	
		Promoción e comercialización agroalimentaria	25.000	25.000
		Apoio a Entidades Asociativas	250.000	53.000
	Total		21.238.921	24.559.308

Datos en miles de pesetas

Inclúe tamén ó FEOGA

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da C. A. Galega

(*)Incluídos en distintos programas noutros anos

■ **Cadro 2.82** **Subvencións e axudas da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (capítulo VII). Galicia. 2000-2001**

	Programa	Concepto	2000	2001
432A	Plan Galego de Investigación e Desen. Tecnol.	Axudas á investigación empresas públicas	35.000	35.000
		Axudas á investigación empresas privadas	30.000	30.000
614 B	Orden, reestruc. fomento e mellora da produc. pesqueira e cult. marinos	Desenvolvemento de proxectos pilotos	107.690	27.769
		Axuste do Esforzo Pesqueiro	1.615.360	545.300
		Paralización Temporal e outras compensacións financeiras	403.840	481.147
		Consolidación da flota galega(NEAFC)		104.228
		Axudas complementarias ó sector pesqueiro	600.000	
		Medidas socioeconómicas (a familias)	134.614	160.382
721 B	Desenvolvemento sostenible da explotación de recursos marinos	Desenvolvemento da acuicultura e dos cultivos marinos	1.522.286	2.178.093
722 A	Transf., conserv., e comercialización de produtos marinos	Axudas a empresas de transf. e comercialización de produtos da pesca e acuicul.	3.826.486	5.096.090
722 B	Promoción de produtos pesqueiros e			
		Promoción de produtos e inves. de mercado	72.114	94.443
722C	Equipamentos Pesqueiros	Convenio co Ente Público Portos de Galicia	12.323	
		Equipamentos Públicos dos Portos pesqueiros	288.458	332.854
723 A	Reestruct. e renovación da flota pesqueira	Reestruct. e Renovación da flota pesqueira	3.509.545	4.879.165
		Plan de Renovación da Flota Pesqueira Artesanal	300.000	449.625
		Convenio IGAPE: renovación da flota	44.550	39.600
		Accións sobre a Pesca Costeira Artesanal (familias)	403.840	449.071
752 A	Servicios ás actividades marítimas	Programa de creación de infraestruct. turístico-culturais nos portos	75.000	55.000
		Axudas á creación de empresas de servicios no mar	35.000	35.000
		Axudas á creación de escolas de navegación de lecer	6.000	
	Total		13.022.106	14.992.767

Datos en miles de pesetas

Inclúe tamén ó IFOP

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da CA Galega

■ **Cadro 2.83** **Subvencións e axudas da Consellería de Medio Ambiente (capítulo VII). Galicia. 2000-2001**

	Programa	Concepto	2000	2001
342 A	Protección e mellora do medio ambiente ⁽¹⁾	Acción de fomento de riquezas piscícolas e cinexética	1.448	
		Axudas a empresas privadas	85.000	
		Medidas compensatorias no contorno dos espazos protexidos		74.000
		Subvencións en materia de medio ambiente industrial	160.000	151.000
422 C	Prevención e defensa contra incendios forestais (Plan Forestal de Galicia) ⁽²⁾	Subvención empresas privadas por investimentos de prevención de incendios	164.000	164.000
614 C	Orden, reestruc. fomento e desenvolvemento do sector forestal (Plan Forestal de Galicia)	Axudas empresas privadas para a creación e mellora de masas forestais	3.358.300	3.779.358
731 A	Mellora da estrutura forestal e 1ª transformación	Axudas para a creación e mellora das masas forestais	2.312.000	2.200.000
		Mellora da competitividade (empresas privadas)	117.500	100.000
		Total	6.198.248	6.468.358

Datos en miles de pesetas

(1) Só comprende subvencións a empresas, non a corporacións locais

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da C. A. Galega

